

## **vilalba**

As casas dos mestres arranxáranse para destinalas a vivendas de alugueiro social. **Páx. 2**

## **castro de rei**

Comeza o proceso para a recuperar a escola de Azúmara coa licitación das obras. **Páx. 12**

## **guitiriz**

O Concello presentou 'Xeracións que xogan', un plan de encontros. **Páx. 16**

## **outeiro de rei**

Renden unha homenaxe a dous veciños que foron vítimas do Holocausto. **Páx. 18**

## **xermade**

O Centro da Tornería ultima a súa rehabilitación para abrir esta primavera. **Páx. 26**

# Carreira para salvar o parque dos Carbóns



## O Entroido e os grelos, líderes de febreiro

Abadín e As Pontes renden homenaxe ao seu produto estrela mentres os concellos disfrázanse.

## O Centro de autismo de Friol ultima detalles

O inmoible, que xestionará Aspanaes e que custará 4,7 millóns de euros, abrirá este ano. **Páx. 10**

## Daniel Formoso



Presenta en Vilalba o seu libro 'El maravilloso arte de ejercer la abogacía'. **Páx. 5**

## Pepe Coira



O guionista de Rábade atópase inmerso na produción audiovisual de 'Ardora'. **Páx. 21**

## O balonmán en Friol



Un grupo de 21 rapaces comezaron os adestramentos co CP Lucense. **Páx.31**

## A Deputación debate o acordo do Mercorsur

O Pleno acordou instar á Xunta e ao Goberno Central a defender os intereses do sector gandeiro. **Páx. 27**

**NOVALUX**  
óptica & centro auditivo

**2x1  
EN LENTES  
CONTROL DE MIOPIA**

PROMOCIÓN DISPONIBLE ATA O 31 DE MARZO\*

Vilalba 982 51 01 00  
As Pontes 981 45 15 04



## Vilalba presenta o seu programa de Entroido con varias novidades

Vilalba arrancou o domingo 8 de febreiro co baile no Centro Cultural, de 17:00 a 20:00 horas, amenizado polo dúo Marinada, o Entroido, que se prolongará ata o día 21. O venres 13 terá lugar o desfile de Entroido dos colexios, protagonizado polo alumnado dos centros educativos. O desfile comezará ás 11:30 horas na Biblioteca Municipal e finalizará na Praza da Constitución, onde os nenos e nenas poderán gozar do espectáculo *Circo Funky*, incluído no programa Dinamizartj, promovido polo Instituto para a Transición Xusta e a Fundación Cidade da Enerxía.

O martes 17 de febreiro celebrase o gran desfile de Entroido, que comezará ás 16:30 horas con saída desde a Estación de Autobuses, percorrendo a rúa Campo de Puento e a rúa da Pravia ata chegar á Praza da Constitución. O desfile contará coa animación do pasarrúas Os Bregadiers, tamén incluí-

do no programa Dinamizartj.

A inscrición para participar no desfile estará aberta ata o 12 de febreiro ás 14:00 horas, e poderá realizarse enviando un correo electrónico a paula.vigo@vilalba.es. Establécense cinco categorías: individual infantil, individual adulto, grupos, comparsas infantís, comparsas adultas-mixtas.

Repartiranse máis de 5.000 euros en premios, entre eles os galardóns ao disfrace máis orixinal e ao máis simpático. Así mesmo, repartiranse 500 euros entre as comparsas participantes que non resulten gañadoras, cun máximo de 100 euros por agrupación.

Como novidade desta edición, o sábado 21 de febreiro celebrase unha verbena de Entroido na Praza da Constitución, a partir das 23:00 horas, coa actuación da Orquestra Gran Parada e DJ de Eventec. O recinto contará con carpa cuberta, calefacción e servizo de barra.

## O Concello rehabilitará as casas dos mestres para alugueiro social

O Concello presentou a documentación necesaria para optar ao Programa de Axudas de Rehabilitación de Edificacións e Vivendas Públicas de Titularidade Municipal, impulsado polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) da Xunta, cun proxecto centrado na rehabilitación das coñecidas como casas dos mestres, situadas na rúa Cuart de Poblet, co obxectivo de destinalas a vivendas de alugueiro social.

Trátase dun edificio de titularidade municipal que na actualidade non está en uso e que está constituído por seis vivendas de uso individual, dúas no baixo, dúas na primeira planta e dúas na segunda. As súas características e estado de conservación fan que sexa un inmovble axeitado para a súa recuperación e adaptación ás necesidades actuais de habitabilidade.

A alcaldesa destacou que “este proxecto responde a unha prioridade clara deste goberno local, que é aproveitar o patrimonio municipal para poñelo ao servizo da veciñanza e dar resposta a unha das principais preocupacións actuais, como é o acceso á vivenda”. Rouco subliñou que “falamos de vivenda pública en réxime de alugueiro social, unha ferramenta fundamental para facilitar proxectos de vida en Vilalba, especialmente para persoas e familias con máis dificultades”.

O proxecto presentado contempla unha rehabilitación integral do interior das vivendas, coa demolición de todos os elementos de distribución existentes para adaptalos á normativa vixente en termos de funcionalidade e habitabilidade. Ademais, está



prevista a substitución das carpinterías actuais por novas carpinterías de PVC, mellorando así a eficiencia enerxética do edificio.

A intervención permitirá crear en cada vivenda novos espazos interiores, con cociña e sala de estar, cuartos de baño e/ou aseo e varios dormitorios, así como a renovación completa das instalacións de saneamento, abastecemento, ventilación e electricidade.

Neste sentido, a alcaldesa sinalou que “non se trata só de rehabilitar un edificio, senón de crear fogares dignos, accesibles e adaptados ás necesidades actuais, cumprindo criterios de calidade e confort”. Engadiu tamén que “desde o Concello estamos facendo un esforzo importante para impulsar proxectos que teñan un impacto social real e duradeiro”.

O orzamento base de licitación do proxecto, con IVE incluído, ascende a 412.531,35 euros, unha contía que reflicte a envergadura dunha actuación pensada para garantir a viabilidade do edificio a longo prazo.

## Unha senda peonil para Corvite

O pleno aprobou a mellora da seguridade viaria dos veciños e veciñas de Corvite. Trátase dunha actuación longamente demandada, que desde hai máis de tres décadas vén reclamando a construción dun itinerario peonil seguro que os conecte co centro urbano. A intervención consistirá na execución dunha senda peonil mediante a fórmula técnica de cuneta transitable, unha solución que permitirá eliminar a situación de perigosidade existente cando os residentes teñen que desprazarse a pé polo tramo que separa Corvite da Rúa de Muras. O novo percorrido discurrirá pola marxe esquerda da vía, cun ancho medio de 1,5 metros e de uso exclusivamente peonil.

O trazado terá unha lonxitude aproximada de medio quilómetro, unindo a zona da fonte do barrio co núcleo urbano.

**PREFABRICADOS  
Y HIERROS  
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO  
SERVICIO:  
PLANTA DE  
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros  
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com

# Rodil denuncia no Parlamento a falta de médicos na localidade

A deputada do BNG Olalla Rodil denunciou no Parlamento a falta de persoal médico que a veciñanza de Vilalba leva anos sufrindo, con esperas neste momento de ata vinte días para poder ser atendida no seu centro de saúde. Unha situación que “non é nin aceptable nin admisible nin sostíbel”, denunciou, e que o Sergas “vai parcheando un día si e outro non” sen aportar solucións, “intentando tapar unha perna con outra entre quilos, iso si, de propaganda”. “Moita xente non espera porque non pode esperar, e acaba acudindo ao PAC para consultas que deberían ser atendidas nunha consulta ordinaria ou que van directamente ás urxencias do HULA”, denunciou Rodil, que censurou o “desprezo” dos responsables da Consellería de Sanidade a unha veciñanza que “parece que non ten outra cousa mellor que facer que reclamar unha atención de calidade nos servizos públicos”.

## O FIV xa repartiu os concertos por días

O FIV de Vilalba presentou a distribución por xornadas do festival deste ano, que se celebrará os días 24 e 25 de abril na capital chairrega. Carlos Ares, Alcalá Norte, Celia Becks e Futuro Alcalde serán os tres concertos que se celebrarán o venres, xunto á actuación de Rapariga DJ. Serán, por tanto, os encargados de abrir a queda de actuacións. O sábado o número de concertos será maior con La M.O.D.A. compartindo escenario con Ángel Stanich, Repion, Puño Dragón, Grande Osso e a Banda de Música de Vilalba. Ademais estarán as actividades FIV Stars e Karaoke con Esteban, dentro do Momento Fiver.

Segundo explicou a deputada por Lugo, coincidindo coas mobilizacións veciñais, a Xunta anunciou que se incorporaban tres médicos coa resolución do concurso-oposición de 2022, pero na práctica isto só supuxo unha persoa nova no centro de saúde, posto que unha non se incorporou e outra xa estaba cubrindo unha vacante. Explicou, ademais, que as seis prazas de médico que non están cubertas no centro de saúde van “parcheándolas”. “Hai un médico que vai tres días a Vilalba e dous a Abadín e logo teñen unha médica que só ve urxencias dos cupos que non teñen médico”, asegurou. Falou tamén de que dúas pediatras do centro están de baixa e “algún día van cubrindo o servizo con alguén do hospital ou doutros centros de saúde”, pero cando isto non sucede os nenos e as nenas teñen que acudir ao PAC ou ir directamente ao HULA.

**PROGRAMA HERMES.** O director xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, Alfredo Silva, remarcou no Parlamento galego que o programa Hermes, posto en marcha na área sanitaria para a integración entre a atención primaria e a hospitalaria, permitiu resolver desde o centro de saúde de Vilalba máis de 800 actos asistenciais o pasado ano, reforzando deste xeito a capacidade resolutive do centro de saúde. O director xeral detallou na Comisión 5ª do Parlamento galego que este programa leva varios anos funcionando cun grao de adecuación alto, contando con vías prioritarias de derivación para todas as especialidades de referencia, consultas non presenciais entre médicos de familia e especialistas e circuitos consensuados para pacientes crónicos, mellorando, deste xeito, a continuidade asistencial e evitando desprazamentos innecesarios.

## A Mostra Musical do Eixo Atlántico visitará a vila en maio

Vilalba acollerá o 23 e 24 de maio a IX Mostra Musical do Eixo Atlántico, un evento de carácter bienal que, desde o ano 2008, promove e recoñece o talento novo no ámbito da música clásica e o jazz, reunindo, segundo os datos das últimas edicións, a entre 300 e 400 intérpretes procedentes de Galicia e, a metade deles, do norte de Portugal. A alcaldesa de Vilalba salientou durante a presentación do evento que “acoller esta mostra é unha honra para Vilalba e un recoñecemento á tradición musical da nosa vila”. Rouco destacou que “Vilalba

conta cunha identidade fortemente ligada á música, cun Conservatorio Profesional e cunha Banda de Música cunha traxectoria amplamente consolidada e moi arraigada na sociedade vilalbesa”. A IX Mostra Musical do Eixo Atlántico celebrarase no Conservatorio Profesional de Música e está dirixida a intérpretes de música clásica e jazz, estudantes de escolas de música e conservatorios profesionais galegos e portugueses pertencentes aos municipios membros do Eixo Atlántico. As inscricións están abertas ata o 27 de febreiro.

### EN BREVE



**PASEO DOS SOÑOS.** O Paseo dos Soños converteuse nun espazo de memoria e recoñecemento coa inauguración do XIX Hectómetro Literario, dedicado nesta edición á cacharrería tradicional e, de maneira especial, á figura de Pepa Lombao, e deseñado e labrado por Sonia Ferreiro e Marcos Ladra.



**CONCURSO.** Foron entregados os premios do Concurso de Escaparates. O primeiro, dotado con 600 euros, foi para o establecemento A Picouza. O segundo premio, con 400 euros, recaeu en Ben Pasteleros, mentres que o terceiro premio, dotado con 200 euros, foi para Estética Sandra Carballeira. Ademais, o premio especial ao escaparate máis votado nas redes sociais, cunha dotación de 100 euros, foi para Carber.



**RETO LECTOR.** Entregáronse os premios do Reto Lector 2025, nos que na categoría infantil foi gañador Samuel Rojo Cabarcos, mentres que na categoría de persoas adultas a gañadora foi Paula Prado Gesto. Na modalidade de entidades, o galardón foi para a aula de educación especial do CEIP Insua Bermúdez, polo seu compromiso coa lectura inclusiva.

|                                                                                                                                     |                                                                                                          |                                                                                                                     |                                                                                                 |                                                                                                                                                                                                      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p><b>SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA</b></p> <p>NEUMÁTICA<br/>HIDRÁULICA<br/>TRANSMISIÓN<br/>HERRAMIENTAS<br/>ACEITES</p> | <p><b>TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO</b></p> <p>CUCHILLAS<br/>MUELLES<br/>CORREAS<br/>RODAMIENTOS</p> | <p><b>TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS</b></p> <p>JOHN DEERE eni<br/>CEPSA BCS<br/>PETRONAS TIMKEN BZ bezares S.A.</p> | <p><b>TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS</b></p> <p>Milwaukee<br/>Nothing but HEAVY DUTY.</p> | <p><b>RVS SESACAR</b></p> <p>RECAMBIOS Y SUMINISTROS</p> <p>Rúa do Freixo, P-53<br/>Pol. Ind. Sete Pontes<br/>27800 Vilalba - Lugo<br/>Tel.: 982 831 105 / 609 392 656<br/>recambios@sesacar.com</p> |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

## OBRAS EN MARCHA

- Finalizou a mellora dunha pista no **lugar do Coto**, na parroquia de Mourence. Os traballos incluíron a rexeneración integral dun tramo de 200 metros que ata o de agora contaba cun firme de terra
- Tamén se iniciaron as obras de rexeneración do firme da **rúa do Rego**, unha actuación que suporá a mellora integral do segundo tramo desta vía urbana. A obra conta cun investimento superior aos 47.000 euros e contempla a remodelación do tramo comprendido desde a altura do número 2 da rúa do Rego ata o final da mesma.
- Vén de executarse unha actuación de mellora e rexeneración nunha das vías do **barrio de Parraño**, na parroquia de Lanzós, co obxectivo de dar resposta ás necesidades dos veciños e veciñas que acceden ás súas vivendas por esta pista, cuxo firme era de terra. As obras, que se desenvolveron sobre unha superficie aproximada de 180 metros cadrados da vía
- Por outra banda, o Concello rematou a rexeneración completa dun dos viais de acceso a varias vivendas no **barrio de Guntín**, na parroquia de Sancovade. Unha actuación orientada a mellorar as condicións de mobilidade da veciñanza. pista duns 150 metros de lonxitude, que constitúe o único acceso ás vivendas ás que dá servizo
- Anunciouse unha actuación de mellora da rede viaria no rural, na parroquia de **Insua**. A intervención consistirá na pavimentación dun camiño alternativo que permitirá mellorar o acceso ao barrio de **Santalla**, dando resposta ás demandas veciñais.
- Leváronse a cabo novas actuacións no **parque infantil da rúa da Emigración**, co obxectivo de seguir mellorando a infraestrutura e adaptala ás necesidades detectadas no seu uso diario.

## Rouco pide unha reunión urxente para falar da estación de autobús

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, vén de solicitar formalmente unha reunión urxente coa Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia co obxectivo de abordar, dunha vez por todas, a situación da estación de autobuses de Vilalba e reclamar solucións reais ante o estado de deterioro que presenta a infraestrutura.

A rexedora vilalbesa dá este paso logo de máis de dous anos de reiteradas reclamacións ao goberno autonómico e ante a ausencia de avances concretos tras os anuncios realizados pola propia Xunta. En xullo de 2025, desde a Dirección Xeral de Mobilidade trasladouse publicamente a intención de executar unha nova parada de autobuses e de estudar outros usos para a estación actual, mais medio ano despois “non existe ningunha información oficial, ningún calendario nin ningunha actuación visible”, lamenta Rouco.

“A estación de autobuses de Vilalba continúa nas mesmas condicións: sen mantemento, sen baños, sen

un espazo axeitado para que as persoas poidan agardar e sen ningún tipo de información sobre horarios ou rutas”, denunciou a alcaldesa. “Esta situación xera unha sensación absoluta de abandono e é indigna dun concello como Vilalba, capital da comarca da Terra Chá e un nó estratéxico de comunicacións por estrada”, engadiu.

Marta Rouco insiste en que a solicitude desta reunión urxente responde á necesidade de obter “respostas claras e solucións reais” por parte da Xunta de Galicia. “Non podemos seguir instalados na indefinición permanente. Levamos anos escoitando que se está a estudar unha solución mentres a estación segue degradándose e os usuarios e usuarias continúan sen servizos básicos”, afirmou.

Finalmente, asegurou que “esta reunión é urxente” e reiterou que desde o Concello “imos seguir insistindo, reclamando e defendendo os intereses da veciñanza ata que a Xunta dea unha resposta acorde coa importancia de Vilalba”.



## O PP critica o abandono do Mupav e pide a reapertura “como se dixo”

O PP denuncia o abandono do Museo da Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba (Mupav) por parte do goberno bipartito de PSOE e Vilalba Aberta, a pesar de que a concellería de Cultura anunciara fai ano e medio que o ía abrir. Pero, “a pesar de prometer buscar unha solución, a realidade é que o museo segue igual: pechado e abandonado”.

Os populares urxen ao Concello a acondicionar e poñer en funcionamento o MUPAV porque cren que “é unha auténtica vergoña que un municipio cabeza de comarca con historia, patrimonio e potencial cultural descoide un importante equipamento cultural” que leva anos sen actividade.

“É inadmisíble que o museo non estea operativo, aberto á cidadanía e aos visitantes enriquecendo a actividade cultural de Vilalba pola falta de xestión e ao abandono por parte do goberno municipal”, manifestan.

Os populares advirten do “estado de abandono” das instalacións con humidades que se poden apreciar desde o exterior “ofrecendo unha imaxe deplorable de Vilalba” pola “ausencia total de labores de mantemento. O MUPAV sofre así as mesmas consecuencias que outras instalacións culturais e deportivas do municipio”.

**OBRAS.** O PP insta ao bipartito de PSOE e Vilalba Aberta a solicitar colaboración, técnica e económica, para a execución de actuacións de reforma integral das beirarrúas da rúa Cidade de Viveiro á Deputación de Lugo, administración titular da

vía. O pavimento das beirarrúas atópase en mal estado e presenta deficiencias e dificultades para a accesibilidade que supoñen un risco para a seguridade dos peóns, especialmente das persoas maiores, con mobilidade reducida e das familias con carriños infantís.

Os populares propoñen que o Concello se dirixa formalmente ao goberno provincial para solicitar a inclusión desta actuación entre as liñas de financiamento da Deputación de Lugo. Denunciaron tamén o “mal estado” no que se atopa o acceso ao polígono industrial desde Baamonde, unha estrada que presenta numerosos socavóns e desperfectos e que, segundo advirten, representa un perigo evidente tanto para os condutores como para os transportistas que a utilizan a diario. Desde o grupo municipal sinalan que non se trata de simples baches, senón de auténticas fochancas que fan que circular por este acceso resulte inseguro e preocupante.

**ORZAMENTOS.** O PP ve ao goberno local “incapaz de presentar uns orzamentos municipais en tempo e forma” á vista de que “deberían estar aprobados no ano pasado para entrar en vigor o 1 de xaneiro, pero aínda non temos noticias dos orzamentos para este 2026”. Os populares consideran que “todo indica que o espello no que se miran é o do Goberno do Estado, que levan tres anos prorrogando os Presupostos Xerais do Estado. En ambos casos son gobernos apoiados polo BNG”.

### ACCESOS AO POLÍGONO



A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, denunciou unha nova mostra do “desprezo e abandono” da Xunta de Galicia cara ao municipio, neste caso en relación coa glorieta de acceso ao polígono industrial de Vilalba, unha infraestrutura clave tanto para a actividade económica como para a entrada ao casco urbano e da que é titular o goberno autonómico.

**POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA**

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

# “Escribín o manual que me gustaría haber tido cando rematei a carreira”

O avogado Daniel Formoso presentará en Vilalba o su libro, ‘El maravilloso arte de ejercer la abogacía’

Vilalba acollerá o vindeiro 27 de febreiro a presentación do libro *El maravilloso arte de ejercer la abogacía*, unha obra asinada polo avogado Daniel Formoso Pérez, natural da capital chairega. O acto terá lugar na sala de exposicións do auditorio municipal e está organizado polo Concello de Vilalba. Daniel Formoso, de 62 anos, exerce a avogacía en Vigo desde hai décadas, aínda que nunca perdeu a súa vinculación coa súa vila natal. “Exerzo de vilalbés”, asegura, e mantén unha relación constante coa localidade, que visita “como mínimo unha vez ao mes”.

O libro nace da experiencia profesional do autor e da detección dunha carencia clara na formación xurídica en España. Segundo explica Formoso, a ensinanza universitaria céntrase na acumulación de coñecementos teóricos, pero non prepara aos futuros avogados para desenvolverse con soltura diante dun xuíz ou nunha sala de vistas. “Saes da carreira sen saber exercer”, afirma.

Na procura de respostas a esas dificultades iniciais, Formoso tentou atopar manuais ou cursos prácticos que lle explicasen como facer alegatos ou como comunicar eficazmente nun xuízo. Non foi ata hai vinte anos cando descubriu un curso de oratoria en Madrid, ao que asistiron apenas quince persoas, centrado na arte da persuasión. A pesar da súa ampla traxectoria profesional, aquela formación supuxo para el un auténtico punto de inflexión.

**A ORATORIA.** A partir dese momento iniciou un proceso forma-



tivo máis profundo con especialistas en Madrid e Barcelona, que o levou a crear o seu propio curso práctico de oratoria procesal, orientado especificamente a avogados. O primeiro que impartiu foi

**“A oratoria é algo que se pode aprender; calquera persoa pode chegar a ser un magnífico avogado”**

en Ponferrada e, segundo lembra, resultou un éxito. Desde entón percorreu boa parte do territorio peninsular impartindo formación,

o que lle permitiu confirmar a necesidade real deste tipo de aprendizaxe no sector xurídico. Dese camiño xurdiu a idea de escribir *El maravilloso arte de ejercer la abogacía*, un libro que define como “o manual que me gustaría ter cando rematei a carreira”. Trátase dunha guía sinxela e práctica sobre como exercer a profesión, con especial atención ás técnicas de comunicación en sala, unha eiva que, ao seu xuízo, afecta mesmo a avogados moi preparados desde o punto de vista técnico, tamén en Galicia e na provincia de Lugo.

**CUALIDADES DUN AVOGADO.** O manual estrutúrase en tres grandes bloques e parte da idea de

que un bo avogado debe reunir tres cualidades fundamentais: humanidade, humildade e interese. Ademais, identifica tres ámbitos clave que todo profesional debe dominar: a mente, as técnicas de comunicación e as técnicas procesuais propiamente ditas. “A oratoria é algo que se pode aprender; calquera persoa pode chegar a ser un magnífico avogado”, sostén.

A satisfacción de transmitir coñecementos levouno a escribir un segundo libro, xa rematado, titulado *Síntesis y persuasión. Cómo sobrevivir en el exceso de información para convencer*. Nesta obra analiza cinco puntos clave para captar a atención dos xuíces durante os procesos xudiciais, facendo fincapé na importancia de

sintetizar e ir ao esencial. O libro baséase nunha investigación sobre os criterios que seguen os xuíces á hora de tomar decisións. Aínda que o libro xa está rematado de escribir aínda non ten data de publicación porque acaba de enviálo ás imprentas.

**A ARTE DE ESCRIBIR.** Formoso recoñece que escribir non é doado cando se compaxina co exercicio profesional. O primeiro libro levoulle catro anos de traballo, mentres que o segundo foi máis rápido, “grazas ao material acumulado ao longo do tempo”. Adoita escribir na súa casa de Vilalba, no despacho, aproveitando calquera momento libre, e combi-

**“Se puidese dedicárame exclusivamente á formación”**

na esta actividade coa práctica deportiva. Actualmente, a formación ocupa un lugar cada vez máis importante na súa vida. “Se puidese, dedicárame exclusivamente á formación”, confesa.

As clases que imparte, baixo o título *Curso de oratoria procesal para o dominio de habilidades no exercicio da avogacía*, son pioneiros en España. “Non gaño moito diñeiro, pero si gaño moita satisfacción”, resume.

A collida dos seus libros está a ser positiva, aínda que o propio autor recoñece que a difusión é lenta, “porque non estamos a falar de superventas”. Con todo, asegura que os resultados superaron as súas expectativas iniciais, reafirmando o seu obxectivo principal: axudar a outros compañeiros que non atopan ferramentas prácticas para mellorar o seu exercicio profesional.

**EXCLUSIVIDAD**  
para la **SALUD**  
de tu **SONRISA**

**Especialistas centrados en:**

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Problemas de Oclusión y Función
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

**¡Ortodoncia todos los días!**  
Lunes, miércoles y jueves:  
12:00 a 20:00 h  
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

982 22 58 70 • 659 44 05 13  
info@ortodonciafigueiras.es  
Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo  
(Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Frores)



## O parque dos Carbóns obtén unha tregua antes do seu desmantelamento

Tras unha intensa tarde de negociacións, o alcalde das Pontes e tamén presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, ordenou a paralización puntual da demolición do parque dos Carbóns. Esta orde supón dez días de suspensión das obras, á espera de que a Xunta, neste tempo, poida determinar se existen motivos suficientes para declaralo Ben de Interese Cultural (BIC).

Esta actuación foi decidida en común acordo cos membros da Plataforma en Defensa do Patrimonio Industrial, que trasladaron ao alcalde a urxencia de conservar a estrutura despois de que Endesa iniciara o derrubio. O Parque de Carbóns non é un resto menor do pasado industrial, senón unha estrutura única a nivel mundial: trátase do maior espazo cuberto diáfano de España e do segundo do mundo, só superado polo hangar Airbus Jean-Luc Lagardère, en Francia. A súa cuberta de arcos pretensados sostíña unha superficie superior aos 96.000 metros cadrados, equivalente á capacidade de tres estadios como o de Riazor, e a súa solución técnica chegou a servir de referencia para infraestruturas como o hangar do aeroporto de Madrid.

Para a asociación, esta actuación suporía unha perda irreparable do patrimonio industrial galego e un golpe á memoria colectiva dun territorio marcado durante décadas pola acti-

vidade enerxética.

A demolición resulta controvertida porque, malia o peche da mina en 2007 e da central térmica en 2023, a estrutura atopábase en bo estado. Por este motivo, consideran que o derrubio non responde nin a criterios de seguridade nin a unha estratexia real de transición ecolóxica, senón a unha decisión política que aposta pola vía máis rápida e destrutiva fronte á reutilización e resignificación do patrimonio industrial existente.

Nos últimos meses, Amigos das Pontes vén advertindo da urxencia de actuar para evitar a desaparición do Parque de Carbóns. A entidade presentou un escrito no Concello solicitando un acordo plenario que expresase o apoio institucional á defensa desta infraestrutura e que esa postura fose trasladada ao presidente da Xunta, Alfonso Rueda. O obxectivo era situar a reutilización do Parque de Carbóns como unha prioridade estratéxica para o futuro do municipio, nun contexto de reconversión industrial e procura de novos motores económicos.

Neste sentido, a recente visita do experto Alfonso Muñoz Costa reforzou esta visión, ao alertar dunha destrución progresiva e, ao seu xuízo, irresponsable dun patrimonio singular que aínda estaba a tempo de ser recuperado con criterios técnicos e de sustentabilidade.

## As Pontes prepárase para a Feira do Grelo e o desfile de Entroido

As Pontes organiza os días sábado 14 e domingo 15 de febreiro a 45ª edición da Feira do Grelo, unha cita consolidada como un dos grandes referentes gastronómicos e agroalimentarios de Galicia, que pon en valor o grelo como produto agrícola local, símbolo de identidade e motor económico do rural.

A programación arrincará o venres 13 de febreiro, ás 20.30 horas, no Auditorio Cine Alovi, cun espectáculo de monólogos titulado Dejarme solo, coa participación de Javier Traba, Dolly, Virginia Riezu e Juan Anillo. Durante o sábado 14 e o domingo 15, a Rúa Ramón Cabanillas acollerá o mercado de artesanía e produtos de tempada, acompañado de demostracións de torneado e talla de madeira a cargo da Asociación Amigos da Madeira das Pontes.

A Avenida da Coruña, na carpa BOAGA, será outro dos espazos centrais da Feira do Grelo durante toda a fin de semana, coa exposición e promoción de razas autóctonas galegas. e degustación de tapas entre as 12.30 e as 15.00 horas. O domingo comezará media hora antes.

Tamén na Avenida da Coruña situarase a tradicional freixoeira, aberta o sábado entre as 9.00 e as 13.30 horas e o domingo desde as 8.00 ata as 14.00 horas, coa venda do lote de dez freixós por cinco euros, cun máximo de 20 unidades por persoa. Por outra banda, na Praza de América, o 14, a partir das 11.30 horas, celebrarase un faladoiro centrado nas razas autóctonas, a comercialización das súas producións e a influencia da nova PAC post 2028 e do acordo Mercosur nas explotacións galega. O domingo 15, a Praza de América acollerá o Concurso de Cestas, que se desenvolverá coa recepción das persoas participantes entre as 8.00 e as 10.00 horas, a valoración das cestas de 10.00 a 11.00 horas e a entrega de premios ás 11.30 horas.

A programación complétase con diferentes pasarrúas musicais. O



sábado, ás 11.30 horas, actuará Os Trevillas, seguido ás 13.30 horas por Canavella, mentres que o domingo, á mesma hora, será a quenda de No Cómbaro e, ás 13.00 horas, de Paporrubio.

A programación da Feira do Grelo completárase co Xantar Popular, que terá lugar tanto o domingo no Patio de Santa María, cun menú tradicional no que o grelo é o gran protagonista. A programación cultu-

ral da feira pecharase o domingo, ás 18.00 horas, no mesmo auditorio, co concerto *Viva Galicia! A música no tempo da Casa da Troya*, a cargo de Troianos de Compostela. Finalmente, xa fóra da programación, o martes 17 de febreiro, ás 17.00 horas, celebrarase o desfile de Entroido, que partirá da rúa Monte Caxado e estará amenizado pola Charanga Os Celtas, levando a música e o ambiente festivo polas rúas do municipio.

## Máis de 7.000 euros en premios no concurso

Segue aberto o prazo de inscrición para participar no Desfile de Entroido 2026, que se celebrará o martes 17 de febreiro, e repartirá máis 7.000 euros en premios, repartidos entre todas as categorías do desfile: persoas adultas, infantil, grupos, centros educativos e carrozas. A cabalgata está aberta á participación de todas as persoas. As modalidades inclúen disfraces individuais, parellas e tríos, grupos, centros educativos e carrozas, tanto en adulta como infantil. No apartado de premios, destaca a categoría de grupos, con dotacións de ata 700 euros para os grupos de máis de 10 compoñentes, así como

a categoría de carrozas, que repartirá premios de 850, 675 e 550 euros para os tres primeiros postos. Os centros educativos do Concello das Pontes tamén contarán con premios específicos, cun primeiro premio de 400 euros, recoñecendo o traballo colectivo, interxeracional e a participación comunitaria. Na categoría de persoas adultas, os premios acadan ata 225 euros en parellas ou tríos e 100 euros en individual. Pola súa banda, a categoría infantil contempla premios para individual, parellas e tríos, así como unha dotación especial para a categoría de meniñas e meniños de ata 6 anos.



## Comeza a obra na rúa Anduriñas, financiadas pola Deputación

Iniciáronse as obras de mellora da pavimentación e dos servizos na Rúa Anduriñas, así como os traballos de traslado da marquesiña á Rúa Cameliás, logo da aprobación do correspondente expediente de licitación. Trátase dun proxecto cun investimento de 223.349 euros, financiado con cargo á Deputación da Coruña. A actuación permitirá a renovación integral da calzada e das beirarrúas deste viario co obxectivo de mellorar a accesibilidade e a seguridade viaria. Para iso, procederase á unificación da cota da rúa e á definición dun único sentido de circulación, habilitando espazo para estacionamento na marxe dereita en sentido da marcha.

As zonas de circulación diferenciaranse con pavimentos específicos: baldosa de formigón prefabricado para o tránsito peonil e lastras de formigón na para o tráfico rodado.

**LICITACIÓN.** O Concello atópase en fase de licitación do proxecto de mellora da rúa Casilla. Unha intervención integral, cun orzamento de 205.000 euros, con cargo á Deputación da Coruña, que busca optimizar a pavimentación peonil, renovar as



redes de alumeadado e recollida de pluviais e mellorar a seguridade e a accesibilidade do viario. O ámbito de actuación abrangue o tramo que vai desde o cruce coa rúa Eduardo Pondal, na marxe dereita, e desde a estación de servizo, na marxe esquerda, ata a confluencia coa avenida das Veigas.

Esta actuación dá continuidade ao plan do Goberno Local de mellora do espazo público no barrio da Casilla, que nos últimos anos experimentou unha transformación significativa tras o peche da antiga explotación mineira e a creación do lago artificial, convertido nun referente paisaxístico e social da localidade.

Tamén licita as obras para a construción dun novo módulo de nichos de formigón no cemiterio dos Alimpadoiros, cun orzamento de licitación de 92.000 euros. A actuación contempla a construción dun módulo duns 99 metros cadrados de superficie, que albergará 96 nichos e 32 columbarios, distribuídos en tres alturas cun columbario na parte superior, un sistema amplamente implantado e aceptado pola veciñanza. En licitación tamén está unha nova fase das obras de mellora de pavimentos e servizos na Avenida de Lugo, entre os números 1 e 19, con cargo ao POS da Deputación, cun orzamento de 207.862,90 euros.

## Aprobado un orzamento de 1,28 millóns de euros do POS da Deputación

O Pleno aprobou a participación no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS+ 2026) da Deputación da Coruña, a través do que Concello contará cun financiamento total de 1.383.737,23 euros.

A totalidade desta contía destinarase ao financiamento de gasto corrente municipal, co obxectivo de reforzar os servizos públicos básicos, conforme á proposta formulada pola Intervención municipal.

O Pleno aprobou tamén o Plan Complementario POS+ 2026, que recolle un conxunto de 8 obras por un importe total de 1.485.395,46 euros. Estas actuacións céntranse fundamentalmente na mellora de pavimentos, servizos urbanos e vías públicas, tanto no núcleo urbano como nas distintas zonas do municipio, co obxectivo de manter en condicións axeitadas as infraestruturas existentes e reducir custos futuros de mantemento.

Entre as actuacións previstas inclúense a renovación de pavimentos e mobiliario urbano na Avenida

das Campeiras, cun investimento de 168.398,45 euros; a mellora de servizos e pavimentos na Avenida de Lugo, no tramo comprendido entre os números 21 e 45, cun orzamento de 165.341,15 euros; a mellora de pavimentación e servizos na Avenida de Vilalba, cun investimento de 376.287,08 euros. Tamén se inclúe a reparación e mellora do firme en Gondré e O Castro, por importe de 55.283,85 euros; a pavimentación da pista do Bidueiro, no seu tramo terceiro ata o cruce do Caxete, cun orzamento de 74.200,00 euros.

Así mesmo permitirá executar a reposición de servizos e pavimentos na Avenida da Habana, no tramo do Barreiro, cun investimento de 286.731,46 euros; a mellora de servizos e pavimentos na rúa Presa de Alende, con 239.359,21 euros; e o proxecto de mellora de servizos e pavimentos na rúa da Balsa, na súa segunda fase, cun orzamento de 119.794,26 euros, configurando no seu conxunto un plan global de mellora do espazo público municipal.

# Inviste en Friol



CONCELLO DE FRIOL



### Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol

## AXENDA

- A banda madrileña **Merino** actuará nas Pontes o próximo 27 de febreiro, ás 20:30 horas, no Auditorio Municipal Cine Alovi, dentro da programación cultural impulsada polo Concello. As entradas teñen un prezo de 10 euros e xa poden adquirirse a través da plataforma habitual.
- O Concello das Pontes, a través da súa Área de Cultura, presenta o espectáculo de monólogos **DejaRme Solo**, que se celebrará no Auditorio Municipal Alovi o venres 13 ás 20:30 horas. Trátase dunha proposta escénica cargada de humor e enerxía, pensada para ofrecer unha noite de risas e entretemento ao público da vila e da comarca.
- O Auditorio Municipal Cine Alovi será o escenario o venres 20 de febreiro, ás 20:30 horas, dun concerto que reunirá dúas propostas musicais de gran personalidade: **Madame Bird e a banda pontesa Super F**.
- O Auditorio Municipal Cine Alovi acollerá o domingo 15 de febreiro, ás 18:00 horas, o espectáculo musical *Viva Galicia! A música no tempo de La Casa de la Troya*, interpretado pola agrupación **Troyanos de Compostela**. O concerto propón unha viaxe á Compostela de finais do século XIX e comezos do XX, a través dun repertorio de música galega dese período.
- O 25 haberá unha charla sobre **comunidades enerxéticas**, no marco do proxecto Red Enerxía. O encontro terá lugar ás 19.00 horas na Casa Dopeso e está concibido como un espazo aberto para achegar á cidadanía información clara e accesible sobre este modelo enerxético.

## O alcalde ve os fondos de Transición Xusta óptimos para “o futuro industrial”

Valentín González Formoso, valorou de maneira moi positiva as novas bases dos Fondos Europeos de Transición Xusta, froito das negociacións mantidas entre a Xunta e o Concello, ao considerar que supoñen “un avance decisivo para o futuro económico e industrial das Pontes”. Segundo explicou, o novo marco garante que a metade dos 80 millóns de euros consignados se destinen aos concellos de Cerceda e As Pontes, cunha prioridade especial para este último en función do seu peso e volume de actividade industrial.

Tal e como destacou o rexedor, estas bases abren unha oportunidade estratéxica para atraer novos proxectos empresariais e consolidar o tecido produtivo existente. “As empresas que decidan implantarse nas Pontes

poderán acceder a axudas de ata 40 millóns de euros a fondo perdido, o que permitirá reducir de maneira significativa o investimento inicial necesario para poñer en marcha novas iniciativas”, dixo.

Ademais, os fondos contemplan apoio económico para o desenvolvemento de infraestruturas e a adquisición de equipamentos imprescindibles para iniciar a actividade, “o que contribúe a diminuír o risco financeiro das empresas e a facilitar a súa viabilidade a medio e longo prazo”. O alcalde subliñou que este respaldo institucional supón un incentivo claro para a creación de emprego local e estable, cun impacto directo na mellora das condicións laborais e no asentamento de poboación.

## Adxudicado o subministro eléctrico para lograr un aforro de 124.500 euros

O Concello adxudicou o contrato de subministración de enerxía eléctrica das instalacións municipais á empresa Iberdrola Clientes S.A.U, unha actuación que permitirá ao Consistorio reducir en máis de 124.000 euros o gasto anual en electricidade.

O contrato, tramitado a través do Acordo Marco da Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), terá unha duración inicial dun ano e un custo de 565.948,46 euros (IVE incluído).

Esta cifra supón un aforro significativo se se compara co gasto real en electricidade rexistrado no ano 2025, que ascendeu a 690.474,57 euros, segundo os datos dos servizos técnicos municipais.

O contrato formalízase a prezo fixo, cunha vixencia dun ano, o que garante a estabilidade do custo do subministro durante todo o período, sen posibilidade de revisión nin prórroga, conforme ao establecido nos pregos do acordo marco.



## A Deputación financia o proxecto de prevención familiar de Adiante

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, e o presidente da Asociación de Persoas Adictas e Familiares Adiante das Pontes, Roberto Fernández Castro, asinaron un convenio de colaboración para o financiamento do proxecto de prevención familiar En familia, tod@s contan.

A través deste acordo, a Deputación da Coruña achega 7.097 euros, o que supón o 75 % do orzamento total do proxecto, cun investimento global de 9.463 euros. A iniciativa está dirixida a familias en situación de vulnerabilidade fronte ao consumo de substancias aditivas.

O proxecto ten como obxectivo reducir os factores de risco e reforzar os factores de protección no ámbito familiar, dotando a pais, nais e titores legais de ferramentas para mellorar a comunicación, a supervisión parental, a xestión de conflitos e as habilidades educativas, contribuíndo así á prevención das adiccións.

En familia, tod@s contan baséase nun modelo de intervención biop-

sicosocial e combina sesións grupais —oito encontros formativos de tres horas— con atención individualizada a través de profesionais da psicoloxía e da educación social. Estímase a participación directa de 12 persoas nas sesións grupais e arredor de 24 persoas nas intervencións individualizadas.

A Asociación Adiante, con sede nas Pontes e 36 anos de traxectoria, é unha entidade declarada de utilidade pública que traballa na atención, rehabilitación e prevención das adiccións desde unha perspectiva integral. Actualmente atende persoas e familias de diversos concellos da comarca e da provincia da Coruña, en coordinación cos servizos sanitarios, sociais e educativos. Desde a entidade destacan que o apoio da Deputación da Coruña “é fundamental para garantir a continuidade de programas preventivos dirixidos ás familias, un eido clave para actuar de maneira temperá fronte ás condutas aditivas e promover contornas familiares máis saudables”.

**RESTAURANTE PARRILLADA**

**O'Adro**

**COMIDA PARA LEVAR**  
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

**Ven a probar os nosos cocidos**

O Adro, Lanzós 27816  
VILALBA - LUGO  
982 52 58 65 - 626 23 71 56

**constru fer**

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 • VILALBA (LUGO)  
Telf: 982 511 200  
SISTALLO - COSPEITO  
Telf: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:  
[www.construfervilalba.com](http://www.construfervilalba.com)

# FEIRA DO GRELO

AS PONTES • 14 — 15/02/2026

ED.

45



XANTAR POPULAR  
PATIO DE STA. MARÍA  
DE 13.00-15.00H.

## MENÚ DA FEIRA

Sopa de cocido

Cocido (Con grelos, costela, lacón, chourizo, touciño, morro, orella, garavanzos e patacas)

Orella doce

Pan, Viño Mencía, Auga, Refrescos

RETIRADA DE TICKETS EN  
CARPA SANTA MARÍA (DESDE  
AS 12.30 H).

O MENÚ ESTARÁ DISPOÑIBLE  
PARA LEVAR.

25€

VUL  
TURA



As Pontes de  
García Rodríguez

As Pontes

## • VÉNRES 13

### AUDITORIO CINE ALOVI

20.30 H.  
ESPECTÁCULO DE  
MONÓLOGOS. "DEJARME  
SOLO" / COA PARTICIPACIÓN DE  
JAVIER TRABA, DOLLY, VIRGINIA RIEZU E  
JUAN ANILLO

VENDA DE ENTRADAS EN  
<https://aspontes.sacatuentrada.es>  
Na billeteira unha hora antes da función

## • SÁBADO 14

### AVENIDA DA CORUÑA FREIXOEIRA

9.00 – 13.30 H.  
10 FREIXÓS > 5€  
(Máximo 20 unidades/persoas)

### AVENIDA DA CORUÑA CARPA BOAGA

10.00 – 20.00 H.  
EXPOSICIÓN E PROMOCIÓN DE RAZAS  
AUTÓCTONAS GALEGAS  
12.30 – 15.00 H.  
DEGUSTACIÓN DE TAPAS ELABORADAS  
CON PRODUCTOS DE RAZAS  
AUTÓCTONAS. AUTGA

### RÚA RAMÓN CABANILLAS 10.00 – 14.00 h. / 16.00 – 19.00 h. MERCADO DE ARTESANÍA E PRODUCTOS DE TEMPADA MOSTRA DE TORNEADO E TALLA / A CARGO DA ASOCIACIÓN AMIGOS DA MADEIRA DAS PONTES

### PRAZA DE AMÉRICA 11.30 H. FALADOIRO "RAZAS AUTÓCTONAS GALEGAS, COMERCIALIZACIÓN DAS SÚAS PRODUCCIÓN. INFLUENCIA DA NOVA PAC POST 2028 E ACORDO MERCOSUR NAS EXPLOTACIÓN GALEGAS" PARTICIPAN: ALEJANDRO MARTÍNEZ (OFICINA AGRARIA AS PONTES), REPRESENTANTES DE BOAGA E O COCIÑEIRO ANTONIO DÍAZ.

### RÚAS DAS PONTES PASACALLES 11.30 H. — OS TREVILLAS 13.30 H. — CANAVELLA

## • DOMINGO 15

### PRAZA DE AMÉRICA CONCURSO DE CESTAS 8.00 – 10.00 h. RECEPCIÓN DE PARTICIPANTES 10.00 – 11.00 h. VALORACIÓN DAS CESTAS 11.30 h. — ENTREGA DE PREMIOS

### AVENIDA DA CORUÑA FREIXOEIRA 8.00 – 14.00 h. 10 FREIXÓS > 5€ (Máximo 20 unidades/persoas)

### RÚA RAMÓN CABANILLAS 10.00 – 16.00 h. MERCADO DE ARTESANÍA E PRODUCTOS DE TEMPADA MOSTRA DE TORNEADO E TALLA / A CARGO DA ASOCIACIÓN AMIGOS DA MADEIRA DAS PONTES

### AVENIDA DA CORUÑA CARPA BOAGA 10.00 – 16.00 h. EXPOSICIÓN E PROMOCIÓN DE RAZAS AUTÓCTONAS GALEGAS 12.00 – 15.00 h. DEGUSTACIÓN DE TAPAS ELABORADAS CON PRODUCTOS DE RAZAS AUTÓCTONAS. AUTGA

### RÚAS DAS PONTES PASACALLES 11.30 H. — NO CÔMBARO 13.00 H. — PAPORRUBIO. Transhumancia sonora\* dun grupo de simpáticos cabezudos

### AUDITORIO CINE ALOVI 18.00 h. CONCERTO "VIVA GALICIA! A MÚSICA NO TEMPO DA CASA DA TROYA" / TROYANOS DE COMPOSTELA VENDA DE ENTRADAS EN <https://aspontes.sacatuentrada.es> Na billeteira unha hora antes da función

## • MARTES 17

### SAÍDA DESDE A RÚA MONTE CAXADO 17.00 h. DESFILÉ DE ENTROIDO / AMENIZADO POLA CHARANGA OS CELTAS

+ INFO — [vive.aspontes.org](https://vive.aspontes.org)

Friol loita contra o cancro con ‘Somos Chef’ o día 21

O Concello de Friol acollerá o sábado a actividade solidaria Somos Chef 2026, unha iniciativa dirixida á infancia que combina diversión, aprendizaxe e compromiso social. O evento terá lugar no Pavillón Municipal, en horario de 17.00 a 20.00 horas, e está pensado para nenos e nenas de entre 3 e 12 anos.

Baixo o lema Somos unidos polo cancro, Somos Chef 2026 propón unha tarde lúdica na que as persoas participantes poderán achegarse ao mundo da cociña da man do chef Remo Pillado, do establecemento ApetéCeme. Durante a actividade, os máis pequenos aprenderán noções básicas de cociña nun ambiente adaptado á súa idade, fomentando valores como a creatividade, o traballo en equipo e a solidariedade. A inscrición ten un custo de 10 euros e pode realizarse a través do teléfono 699 925 296.

A ANPA do CPI López Suárez organiza unha festa de Entroido

A ANPA do CPI Doutor López Suárez organiza o día 15 de febreiro unha festa de Entroido entre as 17.00 e as 20.00 horas no pavillón. Habrá desfile, concurso de disfraces, globoflexia, pintacaras, merenda e algunha sorpresa máis. Para participar será necesario anotarse antes do 6 de febreiro. Tamén habrá desfile desde a praza Andón Cebreiro, a partir das 16.30 horas se non chove. Os socios non terán que pagar pola asistencia pero os non socios teñen unha cota de 3 euros por persoa.

Os Servizos Sociais atenderon a máis de mil persoas durante o 2025

Friol fixo balance da actividade do Departamento de Servizos Sociais durante o ano 2025, “no que se constata unha intensa e ampla atención á veciñanza”, explica o seu alcalde, José Ángel Santos, que asegurou que ao longo do pasado ano, máis de mil persoas recibiron información, orientación e asesoramento por parte do traballador social municipal.

Durante este período tramitáronse preto de 350 solicitudes para o acceso a distintos recursos e prestacións sociais. Entre elas, destacan 72 solicitudes de valoración de dependencia, 12 de discapacidade, 32 correspondentes a diferentes programas de ocio para persoas maiores e 5 solicitudes da Tarxeta Benvida, ademais doutras axudas e recursos. Así mesmo, 21 familias beneficiáronse das axudas municipais de fomento da natalidade tras o nacemento dun fillo ou filla durante o pasado ano.

No que respecta ao Servizo de Axuda no Fogar (SAF), no ano 2025 foron atendidas un total de 119 familias, das cales 103 correspondían a persoas con algún grao de dependencia recoñecido. Dous terzos das persoas usuarias superaban os 80 anos de idade e 23 vivían soas no seu domicilio. Este servizo estivo presente en 27 das 32 parroquias do concello. O SAF préstase a través dunha empresa externa, que contou con máis de trinta auxiliares de axuda no fogar, todas elas mulleres, ademais dunha traballadora social coordinadora. O número to-

tal de horas de atención nos domicilios ascendeu a 31.644.

Friol dispón tamén dun Punto de Atención á Infancia (PAI) para nenos e nenas de ata tres anos, no que durante o pasado curso escolar se cubriron na súa totalidade as vinte prazas ofertadas. Detalla o alcalde que, dentro do Programa Corresponsables, desenvóléronse o Campamento de Nadal, o Campamento de Verán e o Servizo de Madrugadores durante o curso escolar, beneficiándose destas iniciativas un total de 165 familias.

Ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, realizáronse tres actuacións en forma de espectáculos teatrais no colexio público da localidade, co obxectivo de sensibilizar e previr a violencia machista desde idades temperás.

Así mesmo, continúa en funcionamento o Servizo de Atención Temperá (SAT), financiado pola Consellería de Política Social e desenvolvido de maneira conxunta cos concellos de Begonte, Rábade, Guntín e Palas de Rei. O servizo, situado no centro sociocultural de Friol, conta cun equipo multidisciplinar formado por unha terapeuta ocupacional, unha psicóloga, unha logopeda e unha enfermeira. Está dirixido a nenos e nenas de ata seis anos que presenten algunha dificultade no seu desenvolvemento ou risco de padecela. Durante 2025, o SAT atendeu a 69 familias dos cinco concellos participantes, correspondentes a 48 nenos e 21 nenas.



O centro de autismo de Friol estará listo este ano

A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, acompañada do alcalde de Friol, José Ángel Santos, visitou as obras do futuro centro de atención integral a persoas con autismo en Friol, ao que a Xunta destina 4,7 millóns de euros e que contará con 48 prazas residenciais. Concretamente, a achega do Goberno galego consiste nunha dotación de 4 millóns de euros para a construción do centro e outra achega de 700.000 para o seu equipamento e mobiliario.

Durante o acto, destacou que este recurso pioneiro e de vangarda, que estará listo este ano, situará a Galicia como un referente nesta materia e permitirá a creación de novos postos de traballo, favorecendo o asentamento de poboación no rural.

A cnselleira aproveitou a ocasión para agradecer o traballo de Aspanaes, a entidade social que se encargará da xestión do centro, e sinalou que “o fará coa garantía da súa ampla experiencia de máis de 40 anos traballando no benestar das persoas con TEA”. Ademais, agradeceu ao Concello de Friol a cesión dunha parcela situada no centro urbano, co que facilitará a autonomía dos futuros usuarios do centro. Nesta mesma liña, destacou a colaboración entre a Administración autonómica e o tecido asociativo para seguir mellorando a vida

das persoas con discapacidade e acadando importantes fitos.

**CONVENIO.** O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación de Pais e Nais de Persoas con Autismo de Galicia (Aspanaes) para financiar o equipamento do novo centro integral. O Executivo autonómico destinará 600.000 euros de fondos europeos procedentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (NextGenerationEU) en dotar estas instalacións dos equipamentos, do mobiliario e de todo o material necesario para a súa posta en marcha.

Este é o segundo acordo que o Goberno galego asina con Aspanaes para facer realidade este proxecto. O primeiro, que data do ano 2024, supuxo un investimento por parte da Xunta de catro millóns de euros para sufragar a construción deste novo centro, con capacidade para 48 prazas residenciais.

Esta infraestrutura, que se sitúa nunha parcela cedida polo Concello na rúa do Carballal, esta chamada a converterse nun recurso de vangarda que situará Galicia como unha comunidade de referencia nesta materia. Terá unha superficie útil de arredor de 3.200 metros cadrados distribuídos en catro plantas.



Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea  
Teléfono: 982 330 465



**TAHONA CURRÁS**

SAN ROQUE 3. TEL. 982510062  
NOVO CAZÓN 12. TEL. 620417383

## Orixes gañou o concurso de tapas

O relato dos votos emitidos durante o II Concurso de Tapas do Concello de Friol levouse a cabo coa presenza de representantes de case todos os establecementos participantes, xunto con unha representante do Equipo de Goberno Municipal.

O establecemento gañador resultou ser, por segundo ano consecutivo, Restaurante Orixes, coa súa proposta Petisco de polbo, que acadou 447 puntos. O segundo clasificado, Mesón O Cruceiro de Seixón, volveu quedar moi cerquiña, con un total de 419 puntos. A Cafetería Club Fluvial foi o terceiro na clasificación final.

Todos os locais participantes obtiveron boas puntuacións, polo que dende o concello confían en que poida celebrarse unha terceira edición deste concurso, que tan bos resultados está dando aos establecementos hostaleiros de Friol.

Despois de facer o relato de votos para coñecer a proposta gañadora, tamén se procedeu ao sorteo de tres premios entre todas as persoas par-



ticipantes. Tendo en conta que tanto para poder participar como para poder ter en conta a puntuación dada a cada creación, debían estar seladas todas e cada unha das propostas participantes. En este sorteo saíron premiadas tres persoas, así como tres reservas, por se non se consegue contactar coas persoas premiadas. Os gañadores do sorteo serán avisados durante esta semana, e de non conseguir contactar con eles, o premio pasará á persoa que quedou en reserva durante o sorteo.

O primeiro premio de este concurso consiste nun lote de produtos valorado en 200€ máis 300€ en efectivo. O segundo premio consta de 200€ en efectivo e unha visita ao MEGA Museo Estrella Galicia para dúas persoas. O terceiro premio son 100€ en efectivo.

Friol volveuse encher de familias, grupos de amigos e amigas, parellas, etc., que quixeron degustar as creacións propostas e quixeron desfrutar da hostalaría do pobo. Foron dúas fins de semana diferentes, divertidas, festivas e cheas de bo ambiente. A alta participación que se vivira na primeira edición deste concurso, viu-se incrementada en esta segunda, na que se rexistraron cerca de 250 papeletas seladas en todos os establecementos participantes.

Os establecementos participantes en esta segunda edición foron A Taberna, Cafetería Club Fluvial, Restaurante Casa Benigno, Restaurante Orixes, Mesón O Cruceiro de Seixón e Bodegón de Corbelle de Vilalvite.



## Presentáronse en Fitur as Olimpíadas como “turismo auténtico e sostible”

A Xunta xunto co Concello presentaron nunha nova edición de Fitur uno dos proxectos máis emblemáticos e con maior identidade do municipio e do rural galego: as Olimpíadas Rurais de Galicia, unha iniciativa que pon en valor a cultura, as tradicións e o modo de vida do rural galego a través do deporte e a convivencia.

Durante a súa intervención, o alcalde de Friol, acompañado pola Conselleira de Medio Rural da Xunta, destacaron que “o turismo do futuro —e cada vez máis do presente— baséase na autenticidade, na experiencia e no contacto real coas persoas e as súas comunidades”, valores que, segundo subliñou, definen plenamente ás Olimpíadas Rurais de Galicia.

Este evento nace co obxectivo de reivindicar a riqueza cultural, deportiva e emocional do rural galego mediante xogos tradicionais e probas populares que forman parte da memoria colectiva do territorio. Carreiras de sacos, tiro de corda, manexo do sacho, probas de carros ou xogos de equilibrio e destreza conforman unha competición que é, ao mesmo tempo, unha celebración colectiva.

“As Olimpíadas non son só unha competición deportiva; son unha

fiesta aberta a veciños, visitantes, familias e deportistas, na que se comparten tradición, historia e orgullo polas nosas raíces”, sinalou o alcalde. Friol, coñecido polas súas paisaxes, o seu patrimonio histórico e unha gastronomía de excelencia —co queixo e o pan de Friol como grandes embaixadores—, convértese durante a celebración das Olimpíadas Rurais nun escaparate do rural galego: acolledor, dinámico, sostible e cheo de oportunidades. O evento reúne cada ano por centos de participantes e visitantes, xerando un impacto positivo na hostalería, o comercio local e a proxección turística do municipio. Desde o Concello remarcouse tamén a importancia do deporte como ferramenta de cohesión social, unión interxeracional e dinamización das aldeas, así como o seu papel cruce para mostrar que o rural “non só está vivo, senón que innova, crea e abre novas oportunidades”.

A presentación en Fitur serviu ademais para convidar a institucións, empresas e visitantes a sumarse a este proxecto e contribuír a consolidar as Olimpíadas Rurais de Galicia como un referente a nivel autonómico e nacional.

## O concello aumenta a poboación con respecto ao ano pasado

Friol consolida a súa tendencia positiva de crecemento demográfico, segundo os datos do Padrón Municipal correspondentes á revisión ao 1 de xaneiro de 2026. A poboación do municipio sitúase en 3.945 habitantes, o que supón un incremento de 14 persoas respecto ao 1 de xaneiro de 2025, cando se contabilizaban 3.931 veciños e veciñas. Do total actual, 2.064 son homes e 1.881 mulleres, reflectindo un crecemento equilibrado entre ambos os sexos. Durante o ano 2025 rexistráronse 201 altas padronais, fronte a 187

baixas, o que lanza un saldo positivo que confirma “a capacidade de atracción e estabilidade residencial do municipio. Entre as causas destas variacións destacan 19 nacementos, así como 131 altas procedentes doutros municipios e 48 cambios de residencia desde o estranxeiro, datos que reforzan o dinamismo poboacional de Friol”, din desde o Concello. En canto ás baixas, contabilizáronse 68 defuncións, 108 traslados a outros municipios e 7 saídas ao estranxeiro, cifras que, pese ao contexto demográfico xeneral do medio

rural, non impiden que o balance global sexa positivo.

Así mesmo, rexistráronse 24 cambios de domicilio dentro do propio municipio, “o que indica mobilidade interna e arraigamento da poboación no territorio” engaden.

Desde o Concello de Friol valórase moi positivamente esta evolución, o alcalde, José A. Santos, pon de manifesto o esforzo municipal por manter servizos públicos de calidade, fomentar o asentamento de poboación e mellorar a calidade de vida da veciñanza.



**CORBAR**  
MAQUINARIA

INNOVACION,  
COMPROMISO  
Y GARANTIA

EXTENDEDOR DE SILO  
MODELO  
VIMIANZO  
CON BOMBOS  
GALVANIZADOS



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS  
DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



MAQUINAS Y  
RECAMBIOS  
LEMKEN



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO  
DE RECAMBIO AGRÍCOLA



CUIDAMOS EL  
BIENESTAR  
ANIMAL



TRITURADORAS SERRAT AGRÍCOLAS,  
FORESTALES, BIOMASA...



¡CONSÚLTANOS SIN  
COMPROMISO!



CUCHILLA  
MAÍZ  
MODELO CORISTANCO



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS  
AUTONIVELANTES  
DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR.  
TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.



[www.corbarsil.com](http://www.corbarsil.com)

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // [corbar@corbarsil.com](mailto:corbar@corbarsil.com)

# O Antroido de Val de Francos terá lugar o 17

O Antroido do Val de Francos volverá encher de música, tradición e ambiente festivo a Terra Chá o vindeiro martes 17 de febreiro cunha xornada que se desenvolverá no Campo do Carril, no concello de Castro de Rei, nun acto que reúne ás parroquias de Ansemar, Balmonde e Goberno. Trátase dunha das celebracións de Entroido máis antigas e arraigadas da comarca, que cada ano reúne a veciñanza e visitantes arredor dunha programación pensada para todos os públicos.

Ao longo da tarde e da noite sucederanse as actuacións musicais e os actos tradicionais. O programa inclúe as actuacións de Os Valuros con Os Cantos da Valura, así como do Grupo D'Canó, ás 16.30 e 17.00 horas, respectivamente. Este último porá o broche musical xunto coa Orquestra Panamá Band a partir das 19.30 horas. Non faltarán tampouco algúns dos momentos máis simbólicos da festa, como o sermón do Antroido e a tradicional queima, ademais do sorteo de agasallos entre as persoas asistentes. Un dos atractivos destacados da

edición de 2026 será, por segundo ano consecutivo, a degustación gratuíta de produtos de razas autóctonas galegas, con presenza de Galiña de Mos, Porco Celta e Raza Vacún Limiá, así como un posto de venda de filloas elaboradas polas filloeiras de Muimenta. Durante toda a xornada haberá tamén actividades gratuítas para pequenos e maiores, con propostas de lecer pensadas para gozar en familia. A organización prevé cubrir o campo cunha gran carpa para garantir o desenvolvemento da festa con independencia das condicións meteorolóxicas. Desde a organización do Antroido do Val de Francos queren agradecer de maneira especial a colaboración da veciñanza, das empresas colaboradoras e das institucións que fan posible esta celebración, como a Vicepresidencia da Deputación de Lugo, a Xunta de Galicia e o Concello de Castro de Rei.

A convocatoria está aberta a toda a veciñanza e ás persoas que queiran achegarse a vivir unha das festas máis tradicionais e singulares da comarca.

# O Concello licita a rehabilitación da antiga escola de Azúmara

O Concello de Castro de Rei vén de iniciar os trámites para a licitación das obras de rehabilitación da antiga escola unitaria de Azúmara, un inmovble histórico que se pretende recuperar para darlle un novo uso social ao servizo da veciñanza da parroquia. O proxecto conta cun orzamento total de 86.992,48 euros, dos cales 69.595,98 euros serán achegados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), mentres que o resto correrá a cargo das arcas municipais.

As empresas interesadas en executar esta actuación, incluída dentro do denominado Proxecto Sendeiro, poderán presentar as súas ofertas ata o vindeiro 11 de febreiro. Segundo informa o Concello, esta é a segunda vez que se saca a licitación esta obra, xa que na primeira convocatoria só se presentou unha empresa que non cumpría coas condicións establecidas no prego.

Os traballos previstos centrarán nunha primeira fase na retirada da



vexetación do contorno do edificio, na limpeza dos muros de cachotaría, na substitución dos elementos deteriorados, como linteis, e na recuperación dos elementos orixinais do inmovible, adquirido polo Concello arredor do ano 1930. Tamén se contempla a colocación dun novo pavimento interior e a reconstrución da cuberta, respectando a estrutura orixinal, cunha cuberta de madeira e lousa do país a dúas augas.

Nunha fase posterior, actuarase no interior do edificio coa redistribución dos espazos e a execución dos acabados necesarios para adaptalo ao seu novo uso. O obxectivo final é que a antiga escola se converta nun espazo de utilidade social, dando resposta a unha demanda histórica dos veciños e veciñas de Azúmara, que carecen dun local axeitado para a celebración de reunións, asembleas ou encontros veciñais e gastronómicos.

# Acordo para manter a nidificación da única parella de Mazarico Real

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez, asinou un convenio coa presidenta da Comunidade do Monte Veciñal en Man Común Granda Abilleira e Salgueiros, Pilar Mouriz, para blindar un ano máis a zona de nidificación e cría da única parella de mazarico real existente na península ibérica para favorecer a súa protección.

A responsable autonómica puxo en valor que este é o cuarto ano que se asina o acordo entre as partes -por importe de 5.000 euros anuais- co fin de dispoñer dunha superficie de 9,3 hectáreas neste monte veciñal en Castro de Rei e propiciar que se

desenvolvan nela labores de mantemento para garantir a conservación dunha axeitada calidade estrutural do hábitat de nidificación do mazarico real. Esta é unha das zonas nas que adoita frecuentar a especie, xunto a unha finca próxima do aeródromo de Rozas, tamén en Castro de Rei, propiedade do Goberno central. O convenio, que ten vixencia ata decembro deste ano, pretende cubrir os gastos das rozas previstas para manter a landa e a matogueira da zona, a retirada de restos e residuos que poidan alterar o bo estado de conservación do hábitat de mazarico real dentro da parcela ou a sinaliza-

ción de prohibición do tránsito de vehículos dentro da zona acoutada e durante o período de nidificación. A conselleira salientou a importancia de velar pola protección desta especie e de facer un seguimento da súa poboación, polo que a este convenio se suman outras colaboracións como a que se vén mantendo nos últimos anos -desde 2020- coa Universidade de Santiago de Compostela para avaliar a poboación nidificante, cun investimento acumulado de 84.000 euros, ou as accións de control de depredadores desenvolvidas no aeródromo de Rozas, cun investimento de 72.000 euros desde 2020.



O director xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural, Manuel Francisco, recibiu no Centro de Coordinación Central (CCC) de loita contra os incendios forestais a un grupo de alumnos do IES da Terra Chá, José Traperó Pardo, concretamente dos ciclos de Aproveitamento e Conservación do Medio Natural e de Xestión Forestal e do Medio Natural.



• **PODOLOGÍA**  
DEPORTIVA - INFANTIL  
CIRUGÍA - DIABÉTICA  
GERIÁTRICA - PLANTILLAS

• ECOGRAFÍA

- TRATAMIENTOS CON LASER
- ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA

• **ÚLCERAS**  
ARTERIALES - VENOSAS

R.S. C-27-001184

**CO**  
Carballea & Otero  
CLINICA DEL PIE

## ATENCIÓN A DOMICILIO

DRA. YESICA OTERO ESTALOTE  
DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

Campo de Puente, 20 Bj. Vilalba - Lugo  
Telf: 982 88 75 65 • Urgencias: 609 72 97 12

abadín

# Unha nova edición de Expogrelo celebrarase o día 21 en Gontán

O concello de Abadín acollerá este sábado, 21 de febreiro, a XX edición de Expogrelo, a coñecida feira de exaltación do grelo, que terá lugar no recinto feiral de Gontán, como é costume. As edicións celebradas ata agora serviron para comprobar que a tradicional fama deste cultivo atopa boa saída nos compradores. A feira mostrará de novo a calidade e sabor do grelo que se produce nesta zona da Terra Chá e que conta con merecida fama.

Os produtores da zona sumaranse un ano máis á feira, na que se repartirán tres premios de 50, 30 e 20 euros para as cestas mellor decoradas. Ademais, é tradicional que todos os participantes reciban un incentivo.

O programa de actos seguirá a mesma liña que en edicións anteriores, ás 09.30 horas coa designación dos postos e a numeración das cestas. Ás 10.00 horas levarase a cabo a apertura da feira, ás 12.00 horas dará



inicio a animación musical e ás 12.30 horas os presentes poderán degustar este delicioso alimento da cociña galega na carpa que o Concello porá no recinto feiral.

Ás 13.00 horas terá lugar a recepción de autoridades. Os actos finalizarán ás 14.00 horas co fallo do xurado e a entrega de premios.

O Concello de Abadín decidiu apos-

tar no ano 2006 por celebrar unha feira anual dedicada a este produto e ademais apoiar aos produtores que hai no municipio.

A IXP Indicación Xeográfica Protexida de Grelos de Galicia naceu en outubro de 2009 para axudar a produción como a comercialización e a distribución deste alimento tan característico de Galicia.



## O festival Rumboia Viva celebrarase este ano o 27 de xuño

A Asociación xuvenil A Rumboia anunciou a celebración da cuarta edición do Rumboia Viva, un festival cultural que terá lugar o próximo mes de xuño, na porta da Terra Chá. A data que avanza o colectivo é o 27 de xuño, continuando co cambio de data que tivo lugar o ano pasado.

O colectivo traballa no deseño do programa pero asegura que haberá moitas actividades e tamén novidades aínda que música, xogos e obradoiros volverán ser os grandes protagonistas.

“Garda ben a data no almanaque, porque o vindeiro 27 de xuño ningún vai quedar sen bailar no Campo da Feira de Gontán”, din desde a organización. Presentan unha nova imaxe, ideada por Bruno Arias “que cheira a festa, amizade e que captura á perfección a alegría que se vive no Rumboia Viva”.

## Organizan os concursos de Entroido en Abadín e Vilarente os días 14 e 15

O Concello de Abadín organiza para o domingo 15 de febreiro o seu popular Entroido onde nenos e maiores poderán gozar a partir das 16.30 horas co tradicional desfile de disfraces que se levará a cabo no polideportivo, ao lado do centro médico.

O desfile estará dotado con grandes premios en metálico nas seguintes categorías: charangas, grupos e comparsas, parellas, individuais e comparsas mixtas. Haberá premios tanto para adultos como para infantís.

A mellor charanga será premiada con 300 euros. Para os tres mellores grupos e comparsas os premios serán de 300, 250 e 200 euros, cun premio especial para unha local de 250 euros. En comparsas mixtas (adultos + infantil) haberá 250, 200 e 150 euros en premios. En parellas, a contía será de 200, 150 e 100 euros con premio para unha local de 150 euros. En individual redúcense ata 150, 100 e 75 con 100 euros para o local.

Para os pequenos establécense tamén tres premios para grupos e comparsas, para parellas e para infantil, cunha distinción especial para un local en cada categoría. As recompensas oscilan entre 200, o

primeiro de comparsas, ata os 50 euros que cobrará o terceiro individual. A xornada finalizará cunha gran chocolatada con churros para todos os asistentes.

**VILARENTE.** Vilarente, en Abadín, celebrará o Entroido o vindeiro 14 de febreiro cunha xornada festiva pensada para todos os públicos, que terá lugar nun campo cuberto con carpa e calefacción para garantir o confort das persoas asistentes. A programación dará comezo ás 13.00 horas cunha sesión vermú amenizada pola música de Lucía Nieto. Xa ás 15.00 horas celebrase o xantar popular, cun cocido completo que incluírá sopa de cocido, prato principal, sobremesa, café, licores e bebida, elaborado por Chao de Brea.

O Entroido de Vilarente contará tamén con premios para os mellores disfraces, ademais de sorteos, baile, cea e outras sorpresas ao longo da xornada, converténdose nunha cita destacada do calendario festivo da comarca.

O prezo do menú será de 35 euros para persoas adultas, gratuito para menores de 5 anos e de 15 euros para nenos e nenas de entre 5 e 12 anos.

**Calle Plácido Peña, Villalba**  
Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 150 m<sup>2</sup> 80.000 €  
Piso de cuatro dormitorios y sala, dos baños, cocina-comedor muy grande. Dispone de calefacción y una terraza muy amplia. Se trata de un primero sin ascensor y está ubicado en zona céntrica, teniendo todos servicios en las proximidades.

**Refingoi, Villalba**  
Casa | 2 Dorm | 1 Baños | 97 m<sup>2</sup> 30.000 €  
En la parroquia de Codesido, barrio de Refingoi, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar, lista para vivir. Dispone de dos dormitorios, sala, cocina y un baño. A mayores tiene un garaje, un alpendre y un terreno de 578 metros cuadrados.

**Santa Cristina, Cospeito**  
Casa | 4 Dorm | 2 Baños | 168 m<sup>2</sup> 50.000 €  
Casa de pueblo para restaurar con dos plantas de 84 metros cuadrados cada una. En la planta baja está un hall de entrada, cocina muy amplia, un dormitorio y un cuarto de baño. En la planta alta, hay tres dormitorios con un cuarto de baño y un pequeño hall. En la parte derecha de la casa hay un anexo destinado a cuadras y en la parte izquierda tiene un horno y garaje con tejado nuevo. Frente a la casa hay otra parcela donde está el pozo de agua.

**Plaza San Juan, Villalba**  
Local | 100 m<sup>2</sup> 5.000 €  
Se vende bajo cubierta en edificio sito en Travesía de San Juan en Vilalba, existiendo posibilidad de dividirlo en varios trasteros sin mucha dificultad.

**Calle de Galicia, Villalba**  
Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 95 m<sup>2</sup> 122.000 €  
Tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. Dispone de ascensor, calefacción de gas ciudad, un trastero y una plaza de garaje en el bajo del mismo edificio. Está situado entre el centro y la zona escolar.

**C/ Serra de Ancores, Avda. de A Coruña - Paradai, Lugo**  
Piso | 4 Dorm | 3 Baños | 240 m<sup>2</sup> 229.000 €  
En las proximidades de la muralla y muy cerca del edificio de la Xunta se vende dúplex de 240 m<sup>2</sup>. En la planta baja se encuentra un gran salón, cocina con comedor, escaleras y un cuarto baño. En la planta superior hay cuatro dormitorios, dos baños, un hall, pasillo y una terraza amplia. Se vende totalmente amueblado. Incluye una plaza de garaje. Existe la opción de separar las dos plantas como pisos independientes ya que tienen referencia catastral distinta y puertas de acceso propias.

**Calle de Galicia, Villalba**  
Local | 112 m<sup>2</sup> 50.000 €  
Local de unos 110 metros cuadrados, a pie de calle. Está situado entre el centro y la zona escolar.

**Calle da Pravia, Villalba**  
Piso | 2 Dorm | 2 Baños | 81 m<sup>2</sup> 190.000 €  
En el centro de Vilalba, piso a estrenar de dos habitaciones y sala, dos baños y cocina. Completamente reformado. En el precio se incluye el mobiliario.

**Calle Alcalde Fraga Bello, Villalba**  
Piso | 4 Dorm | 1 Baños | 105 m<sup>2</sup> 53.000 €  
Acogedor piso en pleno centro de Vilalba con todas las comodidades a tu alcance, ideal para familias que buscan comodidad y funcionalidad. Dos trasteros en el bajo cubierta. Posibilidad de adquirir en el mismo edificio un garaje independiente para dos coches. Buen estado, listo para habitar.

**Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco**  
**Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles**  
**Comunidades - Penal**  
Plaza de Suso Gayoso n° 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)  
Carril de Catasol n° 1.- 1° A.- 27002 (Lugo)  
Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720  
[www.rocaabogados.info](http://www.rocaabogados.info)  
[www.inmobiliariajroca.es](http://www.inmobiliariajroca.es)

# POLÍTICA SOCIAL EN ABADÍN

## Abadín ultima os traballos na súa futura residencia de maiores, que terá 44 prazas

O inmoble contará con arredor de vinte habitacións distribuídas en dúas plantas de uso e unha construción anexa

A futura residencia de maiores municipal de Abadín encóntrase xa na recta final da súa construción, cunhas obras que avanza a bo ritmo e que permitirán poñer a disposición do concello un total de 44 prazas de atención residencial. A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, visitou o proxecto acompañada polo alcalde, José María López, para comprobar sobre o terreo o estado dos traballos, aos que a Xunta de Galicia achega 1,2 millóns de euros.

A actuación céntrase na rehabilitación e ampliación do edificio do antigo colexio infantil do municipio, que permanecía en desuso, co obxectivo de transformalo nun centro residencial para persoas maiores. O inmoble contará con arredor de vinte habitacións distribuídas en dúas plantas de uso, ademais dunha construción anexa conectada ao edificio principal. O investimento total da actuación ascende a 2,3 millóns de euros, dos cales a Xunta financia a contía máxima permitida.

Este proxecto enmárcase no Plan

de investimentos impulsado polo Goberno galego para apoiar unha vintena de iniciativas municipais de construción, reforma ou ampliación de residencias, centros de día, vivendas comunitarias e centros sociais. O plan conta cun orzamento global de 18 millóns de euros procedentes dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación, Transformación e Resiliencia e foi acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias. A súa finalidade principal é reforzar a atención ás persoas maiores, especialmente no ámbito rural, mediante a creación de novos recursos de proximidade.

A conselleira puxo en valor o carácter histórico deste plan, tanto pola modernización das infraestruturas como pola creación de 560 novas prazas públicas de atención residencial e outras 115 de atención diúrna. Ademais, lembrou o compromiso da Xunta de seguir fortalecendo a rede autonómica de atención residencial coa posta en marcha de máis de 3.500 novas prazas ao longo da actual lexislatura.



Visita da conselleira de Política Social ás obras da residencia, que están preto de finalizar

**Este proxecto enmárcase no Plan de investimentos impulsado polo Goberno galego para apoiar unha vintena de iniciativas municipais**



Comezo das obras de rehabilitación do edificio para acoller a residencia de maiores

### EN DETALLE

- A residencia está a facerse no edificio ubicado trala casa consistorial, nun edificio situado ao lado do colexio para albergar un instituto pero que non tivo ese uso.
- O edificio está situado nun solar de topografía favorable, sen desniveis importantes, parcialmente urbanizado e dotado dos servizos urbanísticos necesarios.
- A súa situación é óptima tamén desde o punto de vista da súa posición no centro urbano, xa que se atopa situado no Centro e moi ben comunicado, o cal facilita a mobilidade dos residentes, cun nivel de solo correcto e suficiente espazo de aparcamento dispoñible.
- A futura residencia estará distribuída en dúas plantas e constará de 22 habitacións na planta alta, todas exteriores con baño.
- Na parte baixa estarán as zonas comúns, onde se situará a consulta médica, unha habitación de illamento con cuarto de baño, unha enfermaría, sala de rehabilitación e polivalente, os servizos e o comedor e cociña.
- O edificio dispón tamén dunha planta soto para a calefacción e servizos varios.
- En total, poderá acoller 44 residentes.
- A adecuación do edificio consistiu en derrubar as divisións interiores do edificio para adecualas á normativa.
- Compartirán co colexio o edificio central, no que haberá ximnasio e salón de actos. Estarán conectados ao mesmo a través de dous accesos
- O custe da obra é de 2,3 millóns de euros e está financiada pola Xunta cunha axuda de 1,2 millóns, aínda que a xestión e a obra está a cargo do Concello.
- Esta actuación desenvólvese no marco do Plan de investimentos de 18,5 millóns de euros co que o Goberno galego financia uns 20 proxectos de construción, reforma ou ampliación de centros sociais municipais.

# XX Expogrelo Abadín

**SÁBADO**  
**21**  
**Febreiro**

## PROGRAMACIÓN

➤ **9:30H**  
ASIGNACIÓN DE STANDS E NUMERACIÓN DAS CESTAS DE GRELOS

➤ **10:00H**  
APERTURA DO RECINTO FEIRAL

➤ **12:00H**  
ANIMACIÓN MUSICAL

➤ **12:30H**  
DEGUSTACIÓN DO GRELO

➤ **13:00H**  
RECEPCIÓN DE AUTORIDADES

➤ **14:00H**  
CUALIFICACIÓN DAS CESTAS  
E ENTREGA DE PREMIOS



Concello de  
*Abadín*



GRELOS DE GALICIA  
indicación xeográfica protexida

# Guitiriz celebrará o día grande das festas de Entroido o martes 17

O Concello de Guitiriz ultima os preparativos para a celebración do Entroido, unha das festividades máis destacadas do municipio, que este ano contará con máis de 1.600 euros en premios achegados polo Concello e pola Asociación Xermolos.

A celebración terá lugar o martes 17 de febreiro e dará comezo ás 18:00 horas co tradicional desfile de Entroido, que sairá desde a Escola Habanera en dirección ao Pavillón Municipal Jonathan Carro Paz, onde continuará a festa unha vez finalizado o percorrido. O desfile estará amenizado pola música de Bloquinho de Xermolos, que poñerá ritmo e animación á xornada. No marco da programación celebrárase o II Concurso de Disfraces e Comparsas ‘Premio Especial Concello de Guitiriz’, organizado polo Concello de Guitiriz, que nesta segunda edición consolida esta cita como unha festa de tradición popular orientada a fomentar a participación activa, creativa e interxeracional da veciñanza.

O certame contará con tres modalidades de participación e cunha dotación económica total de 1.245 euros, superando a contía da edición anterior. As comparsas, formadas por seis ou máis participantes, poderán optar a un premio de 620 euros; os grupos, integrados por entre dúas e cinco persoas, a un premio único de 375 euros; e a categoría individual, cun único participante, a un premio de 250 euros. O prazo de inscrición permanecerá

aberto ata o luns 16 de febreiro de 2026 ás 14:00 horas. As bases poderán consultarse na páxina web municipal e as inscricións formalizáranse de maneira presencial no Rexistro do Concello ou de forma telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Guitiriz.

A Asociación Xermolos tamén repartirá premios co obxectivo de recoñecer o espírito máis festivo da celebración. A entidade distinguirá con 100 euros e unha cesta con produtos típicos do Entroido a cada comparsa premiada pola súa música, humor e traballo colectivo e, ademais, concederá tres premios de 50 euros aos Mecos máis chamativos. Para optar a estes recoñecementos será necesario enviar unha fotografía dos Mecos ao enderezo electrónico [xermolos@xermolos.org](mailto:xermolos@xermolos.org) para comunicar a súa existencia.

**PARGA.** A parroquia de Parga celebrárase o Entroido cunha festa pensada para todos os públicos que terá lugar o vindeiro 13 de febreiro a partir das 17:30 horas no Bar Comba. Baixo o lema Serán de Entroido, a xornada ofrecerá unha tarde chea de diversión, música e animación para desfrutar en familia, con amizades ou coa veciñanza.

O programa inclúe actividades como xogos, música, disfraces e unha merenda, ademais de troula adaptada a todas as idades, co obxectivo de converter a cita nun punto de encontro interxeracional.

# Presentan un plan de encontros a través do xogo e a tecnoloxía

O Concello presentou na Escola Habanera o proxecto Xeracións que xogan, unha iniciativa que ten como obxectivo fortalecer os lazos interxeracionais a través do xogo e da tecnoloxía, promovendo o intercambio de experiencias lúdicas, a transmisión dos xogos tradicionais e a familiarización coas novas tecnoloxías de entretemento.

Este xorde como unha proposta para crear espazos de encontro entre persoas maiores e a mocidade no medio rural, fomentando unha aprendizaxe bidireccional na que todas as xeracións teñen algo que achegar. Nun contexto marcado pola fenda dixital e polo risco de illamento social, especialmente entre a poboación maior, Xeracións que xogan aposta pola cohesión social e tecnolóxica, combinando tradición e innovación. Durante as distintas sesións previstas, as persoas maiores compartirán xogos tradicionais e de cartas, men-



tres que os nenos e nenas introducirán ás xeracións máis adultas no uso de videoxogos e dispositivos tecnolóxicos como tabletas, consolas ou ordenadores. Deste xeito, as persoas maiores gañan autonomía e confianza no uso das novas tecnoloxías, e a mocidade descobre o valor do xogo tradicional e da memoria cultural. O proxecto xa está en marcha coa fase inicial de charlas de captación de voluntariado e desenvolverase

ata o próximo mes de maio, con diversas charlas e sesións de xogo nas que participarán múltiples asociacións e institucións do municipio. Entre elas atópanse a Biblioteca Pública Municipal, o Centro de Día Casa do Capataz, os tres centros educativos de Guitiriz, a Asociación de Xubilados, a Asociación de Amas de Casa, varios comerciantes locais, a asociación ALUME, a Asociación Xermolos e as ANPA dos dous colexios.

# Anulado o contrato da residencia de maiores

A Deputación aprobou a resolución dos contratos de construción da residencia de Guitiriz tras o incumprimento na obra por parte da empresa adjudicataria. A voceira socialista, Pilar García Porto, dixo que “aprobamos a ampliación do prazo dos traballos recollido no convenio coa Pontenova, porque expirou o 15 de agosto; mentres que no caso de Guitiriz non foi necesario porque continúa en prazo. De feito, insistimos na

necesidade de que o Consello Consultivo emitise o seu ditame para poder resolver estes contratos, porque é un trámite obrigatorio e necesario para avanzar neste proceso”. Nesta liña avanzou que “recibimos a resposta deste órgano, favorable á petición e, polo tanto, xa podemos proceder á liquidación definitiva do acordo con esta empresa e continuar dando os pasos necesarios para poder reactivar as obras”.

# Pígara fará o 21 un Campionato de Tute

A Comisión de Festas de Pígara organizou para o 21 de febreiro o Campionato de Tute 2026, que terá lugar na casa escola de Pígara a partir das 16.00 horas. A inscrición para participar terá un custo de 25 euros por persoa e o campionato celebrárase cun mínimo de 16 parellas. O prazo para anotarse permanecerá aberto ata o día 18 de febreiro, mentres que o sorteo de grupos realizarase o 20 ás 21.00 horas. Repartirán premio de 250, 100 e 50 puntos.



¡Para todo lo que tu automóvil necesita!



Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)  
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319  
[jcpenelas@bosch-bcs.com](mailto:jcpenelas@bosch-bcs.com)



ATA O 8 DE MARZO  
**REBAIXAS**

Descontos desde un 15% en toda a exposición.  
Tamén en pedidos sen montaxe

**MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR**  
Especialistas en moble modular e agora tamén  
**DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.**

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba



## O Belén pecha as portas con máis de 40.000 visitas

O Centro Cultural José Domínguez Guizán pechou as actividades do Nadal en Begonte cun acto de clausura no que se entregaron os premios dos certames de Xornalismo, Poesía, Arte, Audiovisuais e Debuxo Infantil. Desde a organización destacou a elevada afluencia de público durante os dous meses de apertura, cun número de visitas que volveu situarse arredor das 40.000 persoas, mantendo cifras semellantes ás de anos anteriores. Unha parte importante destas visitas correspondeu a grupos de centros educativos e a entidades culturais e sociais, consolidando unha vez máis o Belén de Begonte como un referente do Nadal.

Recoñeceu o traballo periodístico de Ruth Fernández Fernández polo texto *Equivocándonos na esencia*, mentres que o segundo foi para Pablo Núñez González por *Segunda carta aos begontinos*. A mención de honra correspondeu a Pepe Pol polo artigo *La mejor tarjetita de Navidad, en Begonte está*.

Tamén se fixo entrega dos galardóns do I Certame Nacional de Poesía. O primeiro premio foi para

Chelo Gayoso Díaz por *A luz de Begonte* e o segundo para Antonio Malo Fernández por *Donde tú te hiciste nuestro*. A mención de honra recaeu en Pablo Nogueira Campo por *Belén é Begonte*.

No eido das artes plásticas, gañou Hipólito Xeada Pena pola obra *A ilusión do Nadal*. Así mesmo, outorgouse un diploma de honra a Manuel Carballeira Rivas por *A Chaira* e mencións de honra a Andrés Gabarres Cagiao por *Huellas del tiempo* e a Santiago Lago Canzobre por *Otoño en la ciudad*.

O acto incluíu igualmente a entrega de premios do II Certame Audiovisual. Na infantil, o primeiro e o segundo premio foron para o alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria do CEIP Plurilingüe Virxe do Corpiño de Begonte. Na categoría xeral, o primeiro premio recaeu no EPAPU, Centro de Formación de Adultos de Albeiros, e o segundo en Mª Soledad García Riveiro e Arwen Fernández García.

Especial protagonismo tivo tamén o I Certame de Debuxo Infantil, con numerosos gañadores.

## Rego esixe unha solución definitiva para Riocaldo



O deputado do Bloque Nacionalista Galego no Congreso, Néstor Rego, volverá levar ao Congreso a denuncia da veciñanza de Riocaldo ante uns novos asolagamentos que se están a producir. “Volvemos ter noticias da angustia vivida pola veciñanza ante uns novos episodios de choiva que se están a producir estes días e que nin dende o Concello nin dende o Ministerio foron quen de poñerlle solucións. Desta vez foi o paso da borrasca Joseph pero é que non podemos agardar a que veñan estes episodios de choiva como pasou no 2023 e que

asolaguen as casas da veciñanza de Riocaldo”, dixo.

O nacionalista explicou que “a veciñanza de Riocaldo volve a estar coa auga á porta das súas casas, volve estar a vivir unhas horas de moita angustia recordando o vivido no 2023 e ademais vendo que dende o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana non se fixo nada, así como dende o concello que fixo deixadez de funcións ao non facer esixencias ao goberno de Estado para arranxar todas as deficiencias que existen pola falta de limpeza das zonas”.

## Begonte celebrará o Entroido o día 21

O Entroido volve a Begonte coa celebración dunha nova edición do Concurso de Disfraces e Comparsas, co que se pretende, segundo explica a organización, “consolidar esta festa de tradición popular”.

A celebración está prevista para o sábado 21 de febreiro ás 16.30 horas cun desfile no pavillón de Baamonde para o que o prazo de inscrición rematará o mércores 18 de febreiro ás 14.00 horas.

Haberá tres premios para adultos en categoría individual (de entre 80 e 50 euros) e cinco en comparsas (entre 500 e 75 euros) e tres para os disfraces realizados para comparsas para veciños e dous en individual. Neste caso, os premios serán de 175 a 75 euros para o primeiro grupo e de 50 a 30 para o segundo.

Establécese unha categoría de individual infantil con premios xerais e para veciños coas mesmas cantidades que nos adultos. Tamén este ano manterase a categoría de mascarada, pequenos grupos entre 3 e 5 compoñentes, con premios diferenciando entre a categoría xeral (entre 120 euros e 60) e os especiais para os locais (dous premios de 80 e 60 euros).

# XERACIÓNS QUE XOGAN

## TALENTO INTERXERACIONAL 2026

### PROGRAMA DE VOLUNTARIADO NO MEDIO RURAL

### FEBREIRO

**LUNS 9/2** SESIÓN DE XOGO  
Centro de día Casa do Capataz

**MARTES 24/2** SESIÓN DE XOGO  
Biblioteca Pública Municipal

**PENDENTE DE DATA** CHARLA  
Biblioteca Pública Municipal

### MARZO

**LUNS 9/3** SESIÓN DE XOGO  
Centro de día Casa do Capataz

**MARTES 24/3** SESIÓN DE XOGO  
Biblioteca Pública Municipal

**VENRES 27/3** CHARLA  
Biblioteca Pública Municipal

### ABRIL

**LUNS 13/4** SESIÓN DE XOGO  
Centro de día Casa do Capataz

**MARTES 21/4** SESIÓN DE XOGO  
Centro de día Casa do Capataz

**VENRES 24/4** CHARLA  
Centro de día Casa do Capataz

### MAIO

**MARTES 5/5** SESIÓN DE XOGO  
Biblioteca Pública Municipal

**concello de CUITIRIZ**

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE | Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU | Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

# Arrancará o 14 de marzo unha nova feira mensual

A Asociación de Veciños Santa Isabel anunciou a posta en marcha dunha feira mensual en Outeiro de Rei, un proxecto no que a directiva leva tempo traballando e que finalmente se converterá en realidade a partir do mes de marzo. A feira celebrarase de maneira periódica o segundo sábado de cada mes, coa intención de dinamizar a vida social e económica da localidade. A primeira cita está prevista para o 14 de marzo de 2026 e terá lugar tanto na praza como na rúa do Concello, espazos nos que se instalarán os diferentes postos. Desde a asociación fan un chamamento a todas aquelas persoas interesadas

en participar como vendedores para que se poñan en contacto coa organización antes do 28 de febreiro, co obxectivo de coordinar a montaxe e garantir o bo desenvolvemento do evento. A iniciativa busca atraer tanto a comerciantes como a visitantes, converténdose nun novo atractivo para Outeiro de Rei e contribuíndo á dinamización do municipio. A feira está organizada pola Asociación de Veciños Santa Isabel e conta coa colaboración do Concello de Outeiro de Rei, que apoia esta proposta como unha nova vía para fomentar a participación veciñal e a actividade local.



# Entregados os premios do concurso de poesía e decoración de Nadal

O Concello entregou os premios do IV Concurso de Decoración de Nadal de Fachadas e Xardíns 2025. O acto tivo lugar no salón de plenos e os galardóns foron entregados por José Pardo Lombao, alcalde, e Begoña Seco Varela, tenente de alcalde. Concedéronse dous premios de 100 euros a Abel Vélez Lozano e a Manuel Cobas Gómez, ambos da parroquia de Sobrada, polas súas destacadas propostas decorativas. Así mesmo, outorgáronse dous premios de 75 euros a Nuria Rodríguez Sear, da parroquia de Guillar, e a Florentina Román Illán, de San Félix de Paz, en recoñecemento á calidade e creatividade das súas decoracións. Na categoría de premios de 50 euros,

as persoas galardoadas foron Jessica Silva Rodríguez, veciña de Outeiro de Rei, e Alba Rodríguez Zapata, da parroquia de Silvarrei, completando así a relación de premiados desta cuarta edición do concurso. En poesía tamén se entregaron os galardóns. Na categoría A resultaron premiados Erik Gil Ron, de 3º A; Guzmán Vilela García, de 2º B; e Izan Paderne Vázquez, tamén de 2º B. Pola súa banda, na categoría B, destinada ao alumnado de entre 9 e 11 anos, os premios foron para Aina Lendínez Lombao, de 6º A; Dafne Peña Piñeiro, de 5º B; e Hugo López Díaz, de 4º A. Ademais, concedeuse un accésit a Yanira Casanova Sánchez, de 6º A.

**José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas**

Transformaciones agrarias  
Desbroces y plantaciones de montes  
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

# Renden homenaxe a dous veciños que foron vítimas do Holocausto

Un nutrido grupo de persoas desafiou participou no acto de homenaxe celebrado en Outeiro de Rei en lembranza de Aurelio e Victorino Díaz Hortas, dous veciños do municipio que foron deportados a campos de concentración nazis. A iniciativa, organizada polo Concello de Outeiro de Rei e a Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH), enmarcouse na conmemoración do Día Internacional en Memoria das Vítimas do Holocausto. A homenaxe tivo lugar ás doce da mañá ao carón da Casa Consistorial, onde se procedeu á colocación de dúas pedras da memoria, coñecidas como stolpersteine, en recordo dos irmáns Díaz Hortas. Estas placas instálanse nos lugares de nacemento ou residencia das vítimas do nazismo como forma de manter viva a súa memoria e renderlles unha homenaxe permanente. Aurelio Díaz Hortas naceu o 15 de febreiro de 1905 na parroquia de Mosteiro, en Outeiro de Rei. Tras vivir en Barcelona, exiliouse en Francia xunto ao seu irmán Victorino coa caída de Cataluña durante a Guerra Civil. Coa invasión alemá de Francia



foi detido e trasladado ao campo de prisioneiros de guerra Stalag XII-D, en Trier, e posteriormente deportado o 25 de maio de 1941 ao campo de concentración de Mauthausen, onde ingresou co número de matrícula 4507. Aurelio conseguiu sobrevivir ao cativoiro e foi liberado o 5 de maio de 1945. Residiu o resto da súa vida en Francia e faleceu en París o 6 de maio de 2006. Victorino Díaz Hortas, nado o 22 de maio de 1910 na mesma parroquia de Mosteiro, tamén se exiliou en Francia tras o remate da Guerra Civil. Ambos irmáns foron internados no campo francés de Argelés antes de seren capturados polo exército

alemán. Victorino foi trasladado ao campo de prisioneiros de guerra Stalag XI-B, en Bad Fallingb., onde se lle asignou o número 86814, e deportado o 27 de xaneiro de 1941 ao campo de Mauthausen coa matrícula 5494. Debido ao seu precario estado de saúde, foi enviado posteriormente ao subcampo de Gusen, coñecido como "o matadoiro", onde foi asasinado o 6 de xaneiro de 1942. Durante o acto tamén se puxo en valor o traballo do equipo de investigación da ARMH de Lugo, integrado por Paulo Grandío, Roberto Mouriz e Miguel Freire, que tras anos de investigación logrou identificar a 39 lucenses vítimas dos campos nazis.

# O BNG critica o traballo do servizo de Correos

O deputado do BNG, Néstor Rego, rexistrou iniciativas para reclamar ao Goberno do Estado a mellora inmediata do servizo postal de Correos en todos os concellos da comarca de Lugo ante a situación de deterioro que está a sufrir, tanto na atención á cidadanía como nas condicións laborais do persoal. A organización nacionalista urxe o executivo a garantir a prestación dun servizo de calidade á cidadanía, especialmente no rural. Esta decisión prodúcese após a reunión mantida polo deputado do BNG no Congreso, Néstor Rego, co Secretario Nacional da CIG-Correos, John Vivanco, xunto ás persoas portavoces e responsables locais do BNG nos distintos

concellos da comarca de Lugo, en que se analizou o deterioro e recortes operados no servizo postal, así como as especiais deficiencias do reparto e atención ás persoas usuarias no rural. Destacáronse os problemas que padecen concellos como o da Fonsagrada, un dos máis extensos do país, en que o reparto padece graves atrasos pola falta de cobertura do persoal, situación que tamén se reproduce en Baleira, Castroverde ou Outeiro de Rei, entre outros, mais que é xeral a toda a comarca. Para Rego, o abandono progresivo de Correos responde a unha estratexia de desmantelamento dos servizos públicos que "non podemos permitir".

# Convocado o concurso de Entroido con 2.180 euros en premios

O Concurso de Disfraces terá lugar o día 15 a partir das 17:00 horas na praza da Vila, baixo carpa cuberta e amenizada polo Grupo Eclipse. Os 2.180 euros de premios repártense en catro categorías. As comparsas recibirán 500, 300 e 200 euros e as parellas 200 e 120. En individual hai dous premios para os adultos e outros dous para infantil, da mesma contía, 150 e 100 euros. Ademais, haberá un premio especial para comparsas de Outeiro de Rei de 150 euros (sempre e cando non leven ningún dos tres premios previstos para a categoría de comparsas); para poder acceder a este premio, o 80 % dos compoñentes debe ser do municipio. E tres premios especiais a maiores por un importe de 100, 60 e 50 euros, para calquera das categorías.

**O gato con botas**

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Bajo  
27800 Vilaalba (Lugo)  
Telf. 982516550

# AXUDAS/2026 LEADER

PRAZO DE SOLICITUDES ABERTO  
ATA O DÍA 6 DE ABRIL DE 2026

MÁIS INFORMACIÓN: GDR TERRA CHÁ  
[www.terrachanaturalmente.org](http://www.terrachanaturalmente.org)

Rúa Carmiña Prieto Rouco s/n, 27800 Vilalba  
[info@gdrterracha.gal](mailto:info@gdrterracha.gal)  
982 512 369 / 982 523 013



Rábade terá concurso e festa de disfraces

Rábade vén de facer públicas as bases do seu tradicional concurso e desfile de disfraces, que se vai celebrar en dúas sesións, o luns 16 haberá unha festa para nenos e o martes 17 de febreiro será o concurso a partir das 17:00 horas na Prazuela. Establece dúas categorías, comparsas (adultos e infantís) e parellas ou individuais (adultos e infantís). Os premios en todas as categorías de adultos, agás comparsas, serán de 100 euros para o gañador e o segundo recibirá 80. As comparsas serán premiadas con 350, 250 e 100 euros. Na infantil, en comparsas repartíranse 150, 100 e 60 euros, mentres que no resto serán 80, 60 e 40. O concurso de disfraces estará amenizado por Francis DJ. Ao remate haberá degustación de sobremesas típicas do Entroido. O día 16 haberá unha festa Infantil a partir das 17:00 horas no Centro Sociocultural con música, xogos, merendas e moita diversión.

Axeigo convoca a Foliada de Primavera

O 7 de marzo, o Centro Sociocultural converterase no epicentro da música e a tradición galega coa celebración da terceira edición da Axeigada, a III Foliada de Primavera. O evento, organizado pola agrupación folclórica Axeigo e a Asociación Fillos do Chaira, incluírá unha ampla programación con obradoiros, sesión vermú, cantos de taberna e concertos, ademais da tradicional foliada aberta. Si se anunciou que ao igual que na edición anterior, Miguel Carballo impartirá un obradoiro de iniciación ao baile. Como novidade, Manuel Santín ofrecerá un obradoiro de cantos de taberna. Os dous serán ás 12.00 horas no Centro Sociocultural e teñen un prezo de 10 euros. Pola tarde haberá obradoiros de Pepe Vaamonde sobre composición e de Artur Puga sobre de baile, ás 16.30 e ás 18.30.

O Festival Entrepontes pecha o seu programa

O Festival Entrepontes vén de anunciar oficialmente a súa edición de 2026, que terá lugar o 30 de maio na localidade de Rábade. A organización confirmou que este ano o evento contará co cartel completo desde o primeiro momento, apostando por unha programación potente e sen concesións, coa intención de converter a xornada nunha experiencia musical intensa e inesquecible. O escenario de Entrepontes acollerá as actuacións de bandas e artistas recoñecidos da escena alternativa e independente. Entre os nomes confirmados atópanse Rábade, Parquesvr, Monolious Dop, Ulex, Pladür e Amor Líquido, “unha combinación que promete diversidade sonora e unha forte identidade artística”, din desde a organización. A proposta musical apunta a un festival marcado pola enerxía, a experimentación e o compromiso



coa música en directo. Desde a orgaización destacan que o 30 de maio Rábade se converterá no epicentro musical da contorna, asegurando que a cita será “un auténtico terremoto” para o público asistente. O Festival Entrepontes consolídase así como unha referencia cultural, convidando a veciñanza e visitantes a comezar desde xa a vivir a edición 2026.

O PSOE acusa ao Goberno de “falta de planificación e de propostas” nos plenos

O PSOE, a través do voceiro Alejandro Martínez, reclamou explicacións ao goberno local no último Pleno “ante a falta de planificación na xestión municipal e a ausencia de propostas por parte do Partido Popular”. O atraso da sesión, “finalmente convocada cun único punto na orde do día”, e cuestións como os orzamentos municipais, a seguridade viaria, o custo das festas de agosto ou a falta de investimentos da Xunta centraron a intervención do PSdeG. No que respecta á celebración de plenos, os socialistas preguntaron polos reiterados atrasos das sesións ordinarias, lembrando que no que vai de lexislatura apenas se respectaron as datas establecidas en dúas ocasións. A alcaldesa xustificou o atraso do Pleno de xaneiro asegurando que pretendían incorporar

máis asuntos á orde do día, unha explicación que, segundo o PSdeG, queda en evidencia ao convocarse finalmente a sesión cun único punto. “Non se pode atrasar un Pleno alegando que se van traer máis propostas e acabar convocándoo practicamente sen contido”, criticaron. Os socialistas preguntaron tamén cando ten previsto o goberno local presentar os orzamentos, que deberían terse levado ao Pleno de novembro. “Estamos a finais de xaneiro e o Concello segue sen orzamentos aprobados nin cun calendario definido para a súa tramitación”, advertiron. Neste sentido, criticaron que “cun goberno en maioría absoluta non hai ningunha excusa para non ter os orzamentos presentados e aprobados en prazo”, cualificando a situación de “lamentable” e de mostra dunha clara deixadez na xestión.

pol

Roteiros de Pol continúa o programa o día 22

Roteiros de Pol continúa co seu calendario de rutas, que se desenvolverá ata o 30 de setembro, cunha programación de actividades de sendeirismo e convivencia. Desde o mes de xaneiro, a proposta inclúe saídas por distintos puntos de Galicia e doutros territorios próximos, combinando natureza, gastronomía e encontros asociativos. O programa retomouse o 11 de xaneiro cunha ruta en Baralla, para continuar o 22 de febreiro coa coñecida Ruta do Cocido en Samos. O 15 de marzo está prevista unha saída a Congosto, no Bierzo, men-

tres que o 19 de abril a actividade trasladarase a Vilalba. No mes de maio, aínda sen data concreta, a asociación participará na XVII Concentración de Asociacións de Sendeirismo e Tempo Libre de Galicia e Asturias, que terá lugar na Pontenova. Xa no mes de xuño, o día 14, Roteiros de Pol tomará parte na XXXIX Travesía Costa Naviega, en Navia, Asturias. A programación continuará o 5 de xullo cunha ruta entre Oza e Cesures, na provincia da Coruña, e pecharase o 13 de setembro cunha ruta por Pol.



Éxito da Batida Feminina de Amigos da Natureza

O Tecor Amigos da Natureza celebrou en Pol a cuarta edición da súa Batida Feminina, unha cita que un ano máis se saldou cun balance moi positivo tanto a nivel organizativo como de participación. A xornada comezou ás oito da mañá no Bar Abuide de Mosteiro, punto de encontro habitual nos últimos anos, onde as participantes compartiron o almorzo e organizaron as saídas aos rastros, sempre acompañadas por guías. A pesar de que as previsións meteorolóxicas da semana non eran favorables, o día desenvolveuse cun tempo perfecto para a actividade no monte. Durante a mañá foron movidos varios xabaríns. Arredor das doce e media, o gru-

po reuniuse na praza de Mosteiro para repoñer forzas cun pincho e planificar as ceibas da tarde. Xa nas dúas saídas programadas pola tarde, e tras realizarse as catro soltas previstas, cos cans recollidos arredor das seis da tarde, deuse por rematada a xornada cun ambiente de satisfacción, marcado por intensas emocións, momentos de adrenalina e cun bo exemplar de xabarán abatido. Como marca a tradición, as participantes realizaron a fotografía de grupo xunto á estatua en homenaxe ao cazador e, posteriormente, a xornada concluíu cunha comida de confraternidade no caseto do Concello, situado na praza de Mosteiro.

T: 982 510 061  
facebook/ataberna.vilalba  
info@atabernavilalba.com  
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS  
OLVIDATE DE TODO  
Y SABOREA  
REVUELTOS  
HAMBURGUESAS  
FRESAS DE VERANO  
ENSALADAS  
PASTAS  
CON SALSA VARIADA  
ALCO PARA  
NUESTRA CARTA  
BACIONES  
ALCO PICAR  
SABOREAR  
TORTILLAS  
PATATAS  
RAXO  
COMPARTIR TAPAS

# “Para ser parte do mundo, deberíamos ser protagonistas de historias”

Pepe Coira é unha das figuras máis representativas do cine e da televisión da provincia e de Galicia

Jessica Fernández

Pepe Coira Nieto, nado en Rábade en 1963, leva toda unha vida vencellado ao mundo audiovisual, aínda que el mesmo recoñece que a súa chegada a ese universo non foi froito dun plan trazado nin dunha decisión plenamente consciente, senón dunha atracción case instintiva polo cinema desde a infancia. “Xurdiu dunha maneira moi natural e nada consciente. Lembro que desde moi pequeno pensaba que o cine era o máis bonito que había, e que había que intentar dedicarse a iso”, explica. Aquel interese temperán levouno a estudar Xeografía e Historia a comezos dos anos oitenta en Santiago, nun contexto no que non existían estudos de cine próximos e no que a súa paixón pola Historia se orientaba especialmente cara á Historia da Arte e á Historia do Cine.

Ese amor polo cinema converteuse axiña en práctica cando, como espectador asiduo, decidiu contactar co xornal da cidade para ofrecerse como crítico cinematográfico, unha experiencia que lle permitiu manter un contacto constante coa análise audiovisual. Tras rematar a carreira continuou nese xornal e, ao cabo dun ano, deu o salto a traballar en diversos programas para a Televisión de Galicia, coa intención de introducirse profesionalmente nun ámbito que daquela estaba aínda en construción.

Coira admite que naquela etapa eran “uns absolutos ignorantes” e que non eran plenamente conscientes do que estaban facendo. Entre os seus primeiros traballos lembra unha videoinstalación para unha galería de arte e a súa participación en programas de televisión como ‘ExtraMuros’, baseado en reportaxes que lle permitiron entrevistar persoas moi diversas. Especial relevancia tivo tamén ‘Lucas da Cidade’, un programa de cine construído a partir de material de arquivo, que contribuíu a consolidar a idea de que podería dedicarse profesionalmente a ese mundo.

A finais dos anos 80 produciuse un xiro significativo na súa traxectoria coa súa entrada na Xunta de Galicia para ocuparse da política audiovisual. Durante moitos anos, ese labor institucional afastouno do traballo directo como guionista ou produtor, pero serviulle para impulsar proxectos alleos e apoiar a outros creadores. “Supuxo que eu non traballara como guionista ou produtor durante moitos anos, senón que axudaba a que outros o foran, pero foi unha ex-



periencia moi chula”, resume.

A relación de Pepe Coira coa escrita de guións é, en todo caso, singular e chea de matices. El mesmo asegura que nunca se sentiu guionista, pero que traballa como guionista, un matiz que apunta. Ademais, comezou a facelo relativamente tarde, despois dunha longa etapa como produtor. Ao reflexionar sobre a profesión, subliña o contraste entre o pasado e o presente, marcado hoxe por unha maior oferta formativa e máis oportunidades de traballo, pero tamén por unha competencia moito máis dura.

“APRENDER FACENDO”. Con todo, o seu pensamento sobre a escrita vai máis alá das condicións do mercado. “Debo confesar que non creo en que a escritura sexa unha destreza que se poida aprender”, afirma, aínda que recoñece a existencia dunha técnica limitada. Para el, aprender a escribir “é un proceso que se constrúe facendo, non memorizando teorías, e hai un compoñente moito máis máxico e imprevisible que fai que unha historia funcione e conecte co público”, sostén.

Coira insiste en que o verdadeiramente memorable dunha novela, dun cómic ou dun guión é a capacidade de transmitir emoción, algo profundamente humano e imposible de codificar por completo. Para ilustralo, recorre a unha reflexión do guionista Stephen Moffat, a quen admira, e lembra que este dicía que nunca se sabe se o que se escribe vai funcionar ou non. “Eu mando un guión e teño a completa incerteza de se vai gustar ou non”, recoñece, e engade que Moffat comparaba o

un guión cun agasallo feito a alguén coñecido, “xa que nunca sabes con seguridade se lle vai gustar”.

Así, un dos proxectos máis destacados da súa carreira recente foi a

**“As culturas e os pobos contan cun imaxinario colectivo propio e, na actualidade, ese imaxinario dificilmente pode existir fóra das pantallas”**

escrita do guión de ‘Antes de nós’, unha película arredor da figura de Castelao. A iniciativa xurdiu a partir dunha proposta da produtora, que lle ofreceu escribir unha película sobre o intelectual galeguista. A idea resultoulle especialmente atractiva,

xa que Castelao é para el unha figura emblemática, aínda que admitía que non era o mellor momento para aceptar o encargo. A decisión final estivo influída pola lembranza dunha película que admira profundamente, ‘El joven Lincoln’, de John Ford. “Sempre vin un certo paralelismo entre Castelao e Lincoln; esa figura política, tamén cultural e artística, coa que se identifica unha comunidade, é un icono”, explica. A partir desa referencia, propuxo centrarse nun episodio concreto da biografía de Castelao, afastándose da pretensión de abarcar toda a súa vida nunha soa película.

A través desta película, Coira mostra outro dos seus obxectivos vitais: a defensa da cultura galega a través do audiovisual. O profesional afirma que “as culturas e os pobos contan cun imaxinario colectivo propio” e subliña que, na actualidade, “ese imaxinario dificilmente pode existir fóra das pantallas”. Para el, é fundamental que a historia,

a cultura, o presente, a paisaxe, o territorio e os costumes de Galicia formen parte da ficción audiovisual. “Para estar no mundo e ser parte do mundo, deberíamos ser protagonistas de historias, non só espectadores”, afirma. E lembra que, cando el naceu nos anos 60, a presenza de Galicia na pantalla estaba reducida a representacións “folclóricas ou pintoresquistas”, e resultaba case impensable crear historias desde aquí, con identidade propia. Ese camiño, asegura, foi unha conquista que cómpre preservar.

## PROXECTOS PASADOS E FUTUROS.

Ao facer balance da súa traxectoria, Pepe Coira destaca varios proxectos dos que se sente especialmente orgulloso. Entre eles sitúa a serie ‘As leis de Celavella’, na que o equipo traballou intensamente para combinar o xénero detectivesco coa vontade de contar episodios da historia do país sen caer no didactismo. Tamén menciona con especial cariño ‘Luci’, unha serie de ficción pequena e realizada de maneira moi independente desde Galicia. No ámbito televisivo, salienta ‘Cos pés na terra’, un programa da TVG sobre persoas que apostan por desenvolver a súa vida no rural e que acumula xa 17 tempadas. No documental, lembra con orgullo traballos como ‘Eloxio da distancia’, realizado con Felipe Vega e Julio Llamazares, ou ‘A Seara’, un documental que el mesmo dirixiu sobre unha aldea rural.

De cara ao futuro, Coira atópase inmerso nun novo proxecto audiovisual, ‘Ardora’, unha ficción ambientada na Coruña, de estilo policial, que pretende abordar cuestións actuais da sociedade desde o punto de vista dunha avogada. A súa vontade é seguir creando, aínda que é consciente da dificultade de sacar adiante proxectos nun sector no que os custos son elevados e nada está garantido. Por iso, recoñece que “é necesario manexar varias ideas ao mesmo tempo”. Entre os seus desexos pendentes, hai un que mantén unha forte carga emocional: “Apetéceme moito participar nalgún proxecto que teña Lugo ou a Terra Chá como escenario”, conclúe.

| Formación<br><b>NEWTON</b>                                                         |            |            |               |
|------------------------------------------------------------------------------------|------------|------------|---------------|
| CURSO                                                                              | INICIO     | FIN        | MODALIDAD     |
| Habilitación para a docencia en graos A, B e C do sistema de formación profesional | 25/03/2026 | 06/08/2026 | TELEFORMACIÓN |
| Transporte sanitario                                                               | 15/04/2026 | 07/10/2026 | PRESENCIAL    |
| Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais              | 23/04/2026 | 14/09/2026 | TELEFORMACIÓN |
| Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais                         | 29/04/2026 | 28/09/2026 | PRESENCIAL    |
| Atención sanitaria a múltiples vítimas e catástrofes                               | 04/05/2026 | 23/09/2026 | TELEFORMACIÓN |
| Montaxe e mantemento de instalacións solares fotovoltaicas                         | 06/05/2026 | 27/10/2026 | PRESENCIAL    |



Rúa Maciñeira Parcela 32, Pol. Sete Pontes  
27800 Vilalba (Lugo) - Tlf.: 982 523 238  
[www.newtonacademia.es](http://www.newtonacademia.es)



# POL: Lino Rodríguez Ónega

## “A política non supón ningún sacrificio se a familia te apoia”



**Chegou á política no ano 2003 un pouco por casualidade e goberna cunha ampla maioría socialista nun concello no que se enfrontou a dúas mulleres, unha no PP e outra no BNG**

**Explíquenos un pouco como se iniciou na política.**  
No ano 2003 contactaron comigo para formar unha candidatura, xa que dende 1999 non se presentara ningunha. Falaron comigo e con José Luis Tellado para tentar buscar persoas dispostas a integrarse na lista, pero non foi doado atopar candidatos. Naquel momento, Lago Lage era o secretario de organización do partido e foi quen me dixo claramente: “Tes que presentarte ti”. Finalmente, en compañía de José Luis Tellado, decidimos dar o paso. Falei con varios gandeiros e acabamos presentándonos ás eleccións de 2003. Daquela o concello contaba con arredor de

2.000 habitantes e 11 concelleiros. Obtivemos dous, mentres que o PP logrou oito e o BNG tres. Consegui-mos uns 400 votos e permanecemos na oposición ata 2007.  
**Como deu o salto ou recibiu o impulso para ser alcalde?**  
Nesas eleccións, coincidindo co bipartito na Xunta de Galicia, superamos ao BNG e acadamos tres concelleiros fronte aos cinco do PP. En total había nove concelleiros e logramos desbancar ao PP do goberno. Aínda que non se chegou a un acordo formal, recibín o apoio necesario para ser alcalde. Os demais grupos decidiron non entrar no, polo que asumín a Alcaldía en minoría, sacando adiante os proxectos pouco a pouco. Nas seguintes eleccións volvíñ presentar-me e xa acadamos a maioría absoluta, que se mantivo ata o día de hoxe. Sempre fun simpatizante do PSOE e levo arredor de vinte anos á fronte do Concello.  
**A nivel persoal, que sacrificios supón ser alcalde?**  
Nunca considereí a política un sacrificio, especialmente cando a familia te apoia. Deixei o traballo como gandeiro para dedicarme á política, e a miña muller entendeu perfectamente a decisión. É certo que se sacrifica tempo de vida persoal, pero ela aceptouno con naturalidade. Levamos 48 anos casados, e iso só é posible cando hai comprensión e equilibrio; ela sempre foi unha muller de paz.  
**E beneficios?**  
Podo dicir con tranquilidade que nunca obtiven un beneficio económico persoal da política. Houbo etapas nas que tiveron un salario, sempre modesto, e actualmente cobro a miña pensión, percibindo unicamente dietas por representación.  
**Como equilibra a vida pública e a privada?**  
Dedico practicamente as 24 horas do día ao Concello, pero cando ves que as cousas saen adiante, as satisfaccións compensan. Un exemplo foi a mellora da estrada de Meira a Baralla, cun quilómetro de beirarrúas, ou



o primeiro gran enfrontamento co BNG, que acabou coa creación dun paseo extraordinario.  
**Cales son os seus obxectivos a nivel político?**  
Nunca tiveron como obxectivo ser parlamentario. Sempre quixen facer cousas polo meu concello. Seguro que cometín erros, pero sempre traballei coa intención de mellorar a calidade de vida da veciñanza, algo que sigo facendo con ilusión.  
**Cales son as principais liñas do seu programa?**  
Moita xente pensa que a área deportiva se fixo só para practicar deporte, pero a miña visión ía máis alá. Pretendía crear expectativas, complementar a actividade deportiva e incluso atraer unha empresa privada que xestionase servizos como aloxamentos. Falamos de fixar poboación: crear 60 camas para deportistas, organizar campamentos de verán e atraer xente doutras zonas. Temos todo para conseguilo e seguiremos loitando para que este proxecto medre, porque é clave para o futuro do concello. Outro dos grandes retos foi levar a auga a todas as parroquias. Actualmente só queda unha sen abastecemento; con máis de 130 quilómetros de tubaxe, dos que arredor do 90 % foron executados polo propio Concello. Aínda quedan necesidades importantes por cubrir. No ano 2024 logramos aumentar a poboación en catro habitantes. O importante non é tanto crecer como evitar seguir baixando. Iso é froito de varios factores, sobre todo dos servizos que se prestan, que son de calidade e supoñen un esforzo económico importante para o Concello.  
**De que proxectos se sente máis orgulloso?**  
Apostamos claramente polos servizos públicos. Construímos o tanatorio municipal con prezos económi-

cos e o Servizo de Axuda no Fogar está ao máximo, pero a achega da Xunta é insuficiente e o Concello ten que aportar uns 86.000 euros anuais. A residencia é un orgullo para o municipio, cun custo de 108.000 euros ao ano ata 2029 e outros 70.000 euros polos servizos complementarios. Contamos con camas articuladas, cadeiras e grúas, porque o financiamento autonómico non chega para cubrir todas as necesidades. Tamén fomos pioneiros en Galicia coa posta en marcha dun supermercado municipal, que causou unha gran expectación e responde a unha necesidade real. Temos máis de 8.000 metros cadrados para planificar vivenda e novos servizos, e a Deputación sempre estivo ao lado do Concello.  
**E se renova na Alcaldía cales son as principais actuacións previstas?**  
De cara a 2026, unha das prioridades será investir uns 200.000 euros na mellora das pistas e camiños. Non será suficiente para deixalos ao cento por cento, pero permitirán arranxar as fochancas máis urxentes. Tamén é prioritaria a ampliación da rede de auga nunha parroquia, aínda pendente da autorización de Augas de Galicia.  
**Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?**  
O máis importante para min é traballar, facer cousas e estar preto da xente. No día a día, a veciñanza chama e tratamos de resolver os problemas. Para iso estamos no Concello.  
**Como é a súa relación coa oposición?**  
Á oposición só lle reprocho as mentiras e as medias verdades que se utilizan para facer ruído e confundir á cidadanía. Hai cousas criticables, como o estado dalgúns camiños, pero moitas veces dependen dos recursos dispoñíbles.

DATOS

**HABITANTES:** 1.542.

**PARROQUIAS:** 19.

**EXTENSIÓN:** 125,9 km cadrados.

**PARTIDO XUDICIAL:** Lugo.

**CORPORACIÓN:** 6 concelleiros do PSOE, 2 do PP e 1 do BNG.

**ALCALDE:** Lino Rodríguez Ónega.

**VOCEIRA PP:** Nicole Grueira.

**VOCEIRA BNG:** Blanca Fernández Martínez.

EN CLAVE PERSOAL

- **Idade, estado civil e familiar**  
Teño 73 anos, estou casado, teño 3 fillos e 5 netos
- **Profesión e formación**  
Gandeiro e agricultor e desde 2003, político
- **E si non fora gandeiro que lle gustaría ser?**  
Sempre se me deu ben o tema da venda. Pero daquela acabei a escola e había que traballar
- **Que quería ser de maior**  
Veterinario
- **Que fai para desconectar?**  
É imposible desconectar. Pero cando podo poño a televisión e miro os deportes ou saír cos amigos
- **Unha virtude e un defecto**  
Traballo para os demais pero cando non saen ben as cousas, enfádome
- **Un consello para compartir**  
Ser humildes
- **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**  
De todo un pouco pero, se teño que escoller, quédome cos locais, Leña Verde
- **Unha afección**  
O fútbol, en especial ver xogar aos biberóns, e a caza
- **Un lugar que visitar**

En Pol, algunhas corredoiras e capelas e ver a fonte onde nace a auga que bebemos os polenses, nítida como ningunha

- **Unha comida e unha bebida**  
Uns bos callos ou cocido e carne á brasa. Para comer un bo viño, senón auga
- **Unha personaxe admirada**  
A miña muller, Cruz Carballeira, da que hai moitas virtudes que destacar, é atenta, afable, una muller de lectura
- **Unha posesión prezada**  
A área deportiva, que a coiden, que é un ben que está aí e que pode quedar para varias xeracións
- **Un desexo**  
Ter saúde
- **Algo para esquecer**  
Algúns problemas que vivín na política, cousas internas do partido
- **Que é o que máis valora nunha persoa?**  
A sinceridade
- **Un desafío pendente**  
Conseguir uns obxectivos en Pol, especialmente mellorar a parte económica
- **Onde se ve en cinco anos?**  
Gobernando Pol, se hai saúde

## a pastoriza



## Rematan as obras de arranxo da rúa Calexón no centro de Bretoña

O Concello rematou as obras da rúa Calexón de Bretoña, situada no núcleo urbano desta localidade. Trátase dunha actuación de gran importancia para a veciñanza, xa que permitiu renovar unha das rúas máis utilizadas da localidade e dotala de maior seguridade e accesibilidade.

O proxecto contemplou a renovación integral do pavimento, que foi executado con aglomerado en quente, así como o arranxo das beirarrúas, coa mellora da súa accesibilidade para persoas con mobilidade reducida. Ademais, instalouse unha nova varanda en determinados tramos, co obxectivo de reforzar a seguridade dos peóns.

A obra contou cun investimento total de 49.995,40 euros, dos cales a Xunta de Galicia achega 35.000 euros a través da liña de subvencións destinada á mellora de infraestruturas municipais. O Concello de Pastoriza cubrirá a cantidade restante, 14.995,40 euros, unha vez que a actuación se levou a cabo no prazo de catro meses.

Segundo explicaron desde o Con-

cello, a actuación “supón un salto cualitativo no día a día da veciñanza, ofrecendo un espazo renovado, seguro e accesible, acorde ás necesidades actuais”.

**DEPÓSITO DE AUGA.** O Concello adjudicou a obra de mellora da rede municipal de abastecemento de auga no depósito de Coruxeiras, así como a actuación destinada á dixitalización de infraestruturas na parroquia de Samartiño de Corbelle. O investimento total desta actuación ascende a preto de 44.000 euros e ten como obxectivo optimizar o funcionamento do sistema de subministración de auga, mellorando a súa eficiencia e control.

Os traballos contan cun prazo de execución de cinco meses e permitirán modernizar as instalacións existentes, garantindo unha xestión máis eficaz dos recursos hídricos e unha mellor prestación do servizo á veciñanza. Esta actuación forma parte das medidas impulsadas polo Concello para a actualización das infraestruturas básicas do municipio.



## Entregados os premios do concurso de postais e poesía de Nadal

O salón de actos da Casa da Cultura acolleu o acto de entrega de premios do XXII Concurso de Poesía e Tarxetas de Nadal, correspondente á edición Nadal 2025. O certame volveu amosar unha elevada participación infantil e xuvenil, consolidándose como unha das citas culturais máis destacadas do Nadal no municipio.

Na modalidade de tarxetas de Nadal, na categoría A ata 5 anos, o primeiro premio foi para Valeria Silvent Salgado, mentres que o segundo recaeu en Claudia Pedreira Coido e o terceiro en Yovani Rodríguez Hoz. Na franxa de idade de 6 a 8 anos, o xurado concedeu o primeiro premio a Jimena Lodos Legaspi, o segundo a Coral García Rancaño e o terceiro a Luca Fernández Valderrama, ademais de dous accésits para Lois Vilela e Artai Álvarez.

Dentro da categoría B de tarxetas, o primeiro premio foi para Yeray Iglesia Rigueiro, seguido de Mateo Expósito Martínez en segunda posición e Lucas Fernández Dorado

en terceira. Nesta categoría tamén se concederon dous accésits a Valeria Rodríguez Canto e Hugo Martínez Martínez.

Na categoría C de tarxetas, correspondente ás idades máis avanzadas, o primeiro premio foi para Ares González Fernández, o segundo para Zaida García Seco e o terceiro para Antía Gómez Piñeiro, mentres que o accésit foi para Xiana Martínez Martínez.

No apartado de poesía, na categoría B, o xurado acordou outorgar o primeiro premio a Yoana Basanta Canto, o segundo a Icí Veres Iglesias e o terceiro a Samira Maira González Vesco, recoñecendo así a creatividade literaria e a sensibilidade poética das participantes.

O Concello da Pastoriza destacou a calidade dos traballos presentados e puxo en valor a importancia deste concurso como ferramenta de fomento da lectura, da escritura e da creatividade entre a infancia e a mocidade, ao tempo que se manteñen vivas as tradicións culturais vencelladas ao Nadal.

## Presentado en Fitur e no concello o novo proxecto turístico

O Concello de Pastoriza iniciou un proxecto pioneiro de dixitalización dos seus espazos de interese coa finalidade de achegar o territorio a un público máis amplo e promover un turismo equilibrado, responsable e respectuoso co medio. A nova plataforma virtual permite descubrir o municipio dun xeito innovador, combinando imaxes, percorridos interactivos e información detallada sobre a contorna natural, o patrimonio histórico e os recursos culturais, facilitando así o acceso tanto a visitantes como á propia veciñanza.

O proxecto foi presentado na Casa da Cultura nun acto aberto á poboación ante de ser levado a Fitur. A iniciativa aposta pola inclusión e pola innovación tecnolóxica, xa que ofrece unha experiencia inmersiva que permite coñecer o territorio desde diferentes perspectivas, tanto de maneira virtual como complementaria á visita presencial. A web reúne nun único espazo toda a información turística relevante, incorporando rutas de sendeirismo, centros de interpretación e elementos patrimoniais destacados, ademais de cartografía municipal e materiais divulgativos pensados tamén para o público infantil.

Outro dos obxectivos principais do proxecto é reforzar a visibilidade do comercio local e dos servizos turísticos, contribuíndo así ao desenvolvemento económico do municipio. A plataforma está adaptada ao uso en dispositivos móbiles, inclúe sistemas de localización e pode consultarse en varios idiomas, o que facilita a chegada a visitantes doutros territorios.



**CLÍNICA DENTAL TEST**  
CENTRO DE ODONTOLOGÍA  
E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 • 608 938 993

## Irimia anuncia o arquivo da causa xudicial e a súa continuidade como edil

O concelleiro socialista Daniel Irimia, anunciou o arquivo da causa que se seguiu contra el por unha suposta agresión á súa parella cando se atopaban os dous nunha voda. Foi o Tribunal de Instancia de Vilalba número 1 o que tomou esta decisión aínda que a súa parella recorreu o auto.

A detención tivo lugar tras unha denuncia dunha terceira persoa ante a Garda Civil durante os meses de verán e tras un día en prisión quedou en liberdade. Presuntamente empuxou á muller e esta caeu ao chan.

O PSOE, naquela ocasión a través de José Tomé, suspendeuno de militancia por “violencia machista”.

Irimia fixo unha declaración pública para trasladar unha mensaxe centrada no respecto, a calma e a defensa da intimidade persoal, tras os acontecementos procesuais que o veñen afectando e que cualificou como derivados dunha situación “estrictamente persoal e íntima”. Fíxoo, segundo explicou, “a título propio, persoal e incluso familiar”, agradecendo de maneira expresa “o respecto, o aprecio e o cariño amosado” tanto a el como á súa familia.

O edil subliñou que as súas palabras parten “do sumo respecto e da boa fe” cara a todas as persoas, incluídas aquelas que decidiron acudir



á vía xudicial. Neste sentido, reclamou “convivencia, paz, serenidade, dereito á intimidade e garantía do anonimato” nun municipio no que, segundo indicou, as relacións sociais se desenvolven en marcos próximos nos que “todas e todos nos atopamos no día a día”.

Lembrou a súa traxectoria política, afirmando que desempeña o cargo de concelleiro “con orgullo, ilusión, compromiso, constancia e determinación firme”, e insistiu en que desde a súa entrada na vida pública foi consciente da necesidade de preservar ás persoas do seu ámbito privado da exposición política. “A consciencia da exposición pública ligada á política debe incluír a máxima responsabilidade respecto das persoas que acompañan en privado”, sinalou.

## Muimenta celebrará o Entroido o 17 cunhas Olimpíadas populares

A Praza Maior de Muimenta converterase o martes 17 de febreiro no escenario principal do Entroido 2026 cunha proposta festiva e orixinal baixo o nome de Entroido en Muimenta: Olimpíadas 2026. A cita dará comezo a partir das 16.00 horas.

A celebración convida á veciñanza a participar disfrazada de deportista, xa sexa profesional, afeccionada ou mesmo “de sofá”, para tomar parte nunhas olimpíadas moi especiais nas que o máis importante non serán os récords, senón o bo humor e as ganas de pasalo ben. Ao longo da tarde desenvolveranse xogos olímpicos adaptados e divertidos, como a cucha do lacón, o xogo das cadeiras, as arandelas ou un fútbol humano, ademais doutras propostas lúdicas. O programa complétase cun karaoke aberto á participación, exhibicións de zumba tanto para público adulto como infantil e unha merenda gratuíta con chocolate e lambonadas. Ademais, haberá servizo de bar e realizarase o sorteo dunha cesta na que a persoa gañadora obterá a súa “medalla” sen necesidade de grandes esforzos deportivos.

**CONCURSO DE ENTROIDO.** O Concello de Cospeito organiza o Entroido 2026, unha celebración chea de cor, disfraces e diversión para grandes e pequenos. A cita será o venres 13 de



febreiro e contará cun programa variado que inclúe desfiles, concursos e música en directo.

O Entroido Infantil comezará ás 16:30 horas e estará dirixido a nenos e nenas de ata 16 anos. Haberá diferentes categorías de premios: individual, parellas e grupos ou comparsas, con recompensas económicas de 35, 609 e 120 euros para os gañadores de cada categoría. Ademais, outorgarase un premio local de 100 euros e todos os asistentes poderán gozar de chocolate con churros grazas á colaboración dos comercios da Feira do Monte.

Pola noite, a partir das 23:00 horas, celebrarase o Entroido de Adultos, onde tamén haberá premios nas mesmas modalidades, cunha dota-

ción de ata 400 euros para o primeiro posto de grupos, ademais de 300 e 150 euros. E individual os premios serán entre 120 e 70 euros e en parellas de 150 a 100 euros. Tamén haberá un premio especial de 150 euros. A festa estará amenizada polo Dúo D’Caché Music, e haberá tamén un sorteo dunha cesta típica do Entroido.

As inscricións realizaranse no propio día da celebración: os nenos deberán anotarse ás 16:30 horas e os adultos ás 22:00 horas. A animación musical correrá a cargo de Puzzle Animación, e tanto o desfile infantil como o de adultos garantirán unha tarde e noite cheas de diversión. O evento está organizado polo Concello e Mulleres Rurais Cousas Nosas.

## Abrirá o Museo da Auga no depósito

Cospeito está a piques de rematar as obras que porán en marcha un novo Museo da Auga no antigo depósito de A Feira do Monte, unha iniciativa coa que se pretendía recuperar unha infraestrutura en desuso e transformala nun espazo divulgativo e educativo vencellado á xestión da auga potable. O proxecto permitirá achegar á veciñanza e ás persoas visitantes información sobre o ciclo

da auga, desde a súa captación ata o consumo, ao tempo que se incorpora un novo atractivo turístico á capital.

Os traballos de acondicionamento do inmoble atópanse practicamente rematados, á espera de pequenos detalles finais, polo que a inauguración podería producirse proximamente. Trátase dun proxecto cun marcado carácter pedagóxico, pen-

sado para dar a coñecer a importancia da auga e fomentar un uso responsable deste recurso esencial, especialmente nun concello cunha forte vinculación ao medio natural.

A actuación contou co apoio da Axencia de Turismo de Galicia, que colaborou no financiamento dunha intervención que permitiu adaptar o antigo depósito como centro de interpretación.



## Sen acordo sobre a xestión de Caldaloba

“A Xunta négase a un acordo coa Deputación sobre a propiedade da Torre de Caldaloba e seguirá adiante co proceso xudicial que iniciou o pasado abril”, así o indicou a deputada de Cultura, Iria Castro.

Esta explicou tamén que a Deputación recibiu unha comunicación do Xulgado sobre a postura da Xunta, “que segue bloqueando as intervencións de restauración e posta en valor deste ben patrimonial proxectadas pola Vicepresidencia en 2022”. A deputada lembrou que “a Xunta non tivo ningún interese en Caldaloba ata que a Deputación adquiriu os terreos, hai xa máis de tres anos” e valorou “todos os pasos dados desde aquela polo goberno galego como unha estratexia para atrasar indefinidamente a restauración e posta en valor da Torre”.

O 16 de abril -tres anos despois de que a área de Cultura comprara a parte fundamental da parcela na

que se sitúa a Torre a un propietario particular – a Xunta de Galicia iniciou unha demanda contra a institución provincial pola propiedade dos terreos. Co obxectivo de resolver da forma máis rápida posible a situación e priorizar a restauración do ben patrimonial, o 14 de outubro, na audiencia previa ao xuízo, a Deputación de Lugo solicitou a suspensión do procedemento de demanda e o inicio dunha negociación para acadar un acordo.

A proposta realizada pola Deputación de Lugo pedía á Xunta de Galicia que se comprometese a garantir e facer efectiva a protección, conservación, restauración e consolidación da Torre de Caldaloba, preservando o seu valor histórico e arqueolóxico, e que abonase á institución provincial o prezo de adquisición do ben -106.000 euros – así como os gastos de taxación, medición, rexistro e notaría -4.018,65 euros -.

meira

## A Confederación fai traballos de conservación en ríos da comarca

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), iniciou traballos de conservación e mellora de 13 km de leitos nos concellos de Sarria, Lánchara, O Páramo, Meira, Baralla e Samos. “Nun total aproximado de 13 km dos ríos Sarria, Miño, Porto da Pena, Neira, co obxectivo de minorar os riscos de inundacións en momentos de intenso caudal” explicou Quiroga, presidente da CHMS.

Actuacións programadas co obxectivo de conservar e restaurar a hidromorfoloxía natural dos leitos para mellorar a súa resiliencia e adaptación ao cambio climático; consistentes na retirada de árbores, troncos e ramas tombadas sobre dominio público hidráulico e zona de servidume que provocaban numerosos taponamentos; así mesmo procederase á



talla, partido, amontoado e retirada de múltiples árbores secas caídos ou en pé presentes nos tramos de actuación.

“Realizaranse, tamén, actuacións de restauración hidrolóxico-forestal para o control da erosión e a protec-

ción de marxes en zonas concretas, a través de solucións baseadas en técnicas non invasivas e ambientalmente sostibles” lembrou o presidente. O investimento estimado é de 90.000 euros, cofinanciados polo Fondo FEDER.

## A vila festexa o 16 o Entroido con concurso, festa e agasallos

O Concello fixo público o seu programa de Entroido, que terá lugar o luns 16 de febreiro. Así, a vila volverá contar co seu popular concurso de disfraces na noite do luns. A celebración terá lugar no pavillón municipal. A festa dará comezo ás 19.30 horas con animación musical polas rúas da vila coa charanga Os Soriños e a partir das 22.00 horas terá lugar o baile e desfile no pavillón animado polo grupo Los Adrianos.

O concurso de disfraces terá lugar a media noite e contará con máis de 1.300 euros en premios. Así, as cinco primeiras comparsas recibirán 300, 150, 100, 60 e 40 euros respectivamente. Por parellas haberá 120, 90, 70, 50 e 30 euros en premios. En in-

dividual os premios serán de 110, 70, 50, 40 e 30 euros.

As inscricións para o concurso realizaranse no Concello, de luns a venres, das 9.00 horas ás 14.00 horas, en persoa ou a través do teléfono 982 330 102, ou ben o mesmo día do desfile ata as 22.00 horas.

MECOS. Regresa a Meira un ano máis o costume dos mecos polo Entroido e despois da celebración este domingo do Baile do Farolillo, que anuncia a proximidade do tempo de disfraces. O domingo día 15 hai feira en Meira e serán protagonistas os mecos ou espantallos que se foron elaborando por parte das asociacións, colectivos e veciñanza.

Estes mecos estarán expostos na rúa ata rematado o Entroido, o mércores de cinza, día 18 de febreiro, cando todo aquel que queira poderá queimalo na Campa do Plantío.

Tamén ser farán públicos, entre o 9 e o 16 deste mes, os Mandados do Meco que é quen dirixe no Entroido. El dirá como deben vestirse a semana previa ao Entroido. Estas comunicacións saíran na web do Concello, na páxina de Facebook da Oficina de Turismo e no Taboleiro de Anuncios do Concello (a carón da Casa de Cortón, onde a Praza Maior). O concello lembra que os mecos non deben interromper o paso dos veciños e non deben tampouco supoñer ningún perigo.

## A segunda edición da Festa do Cocido será o 22

O vindeiro 22 de febreiro, o polideportivo de Meira converterase no epicentro da segunda edición da Festa do Cocido. Organizada baixo o lema Asdoqu1nc5! esta cita promete unha xornada chea de sabor, música e actividades para toda a familia.

A festa dará comezo ás 13:30 horas cunha sesión vermú a cargo de Jorge Ferre e DJ Casanova, que se prolongará á tarde garantindo un ambiente animado dende o mediodía.

A partir das 15:00 horas, será o mo-

mento de desfrutar do prato estrela: o cocido. O menú para adultos, cun prezo de 35 euros, incluírá sopa de cocido, morro, lacón, orella, rabo, butelo, chourizo, verdura, costela cocida, cachelos, garavanzos, sobremesa, bebida e café. Para os máis pequenos (de 3 a 10 anos), haberá un menú infantil por 20 euros, composto por sopa de cocido, escalopíns de polo con patacas, bebida e sobremesa.

A diversión continuará coa celebra-



ción dun bingo con premios.

Os interesados poden encargar os seus tickets para a comida a través das redes sociais oficiais ou en varios establecementos de Meira ata o 15 de febreiro.

muras



## O Pleno aproba o acordo con Iberdrola ,que subirá as axudas da luz este ano

Un pleno extraordinario aprobou o acordo entre o a entidade municipal e Iberdrola, que permitirá incrementar as axudas destinadas a aliviar o custo da factura eléctrica e que traerá tamén unha mellora significativa dos ingresos municipais. A proposta de pacto foi aprobada cos votos a favor dos tres concelleiros nacionalistas e do non adscrito, mentres que PP e PSOE abstivéronse.

Muras é o municipio galego con maior número de parques eólicos, con vinte instalacións e máis de 380 aerogeneradores, e leva máis dunha década destinando fondos propios a subvencionar o recibo da luz da poboación empadroadada. Ata o de agora, as axudas tiñan un límite máximo de 700 euros anuais por persoa, cun investimento municipal duns 100.000 euros ao ano.

Co novo acordo, esa limitación económica deixará de existir, o que permitirá incrementar a contía das axudas, que podería achegarse aos 900 euros anuais, aínda que a cifra definitiva aínda está pendente de concretar. Ademais, o Concello deixará de asumir con fondos propios o custo destas subvencións, o que suporá un aforro directo no seu orzamento

anual.

En virtude do convenio, Iberdrola achegará 125.000 euros fixos ao ano ao Concello de Muras para financiar as axudas á electricidade, unha cantidade que se actualizará conforme ao IPC. A maiores, o goberno local percibirá o 2,5 % do valor da produción eléctrica do parque eólico que será repotenciado, unha achega variable que se calculará anualmente e que non superará os 200.000 euros, ata un total de 14 millóns de euros na vida útil do parque.

O acordo tamén inclúe novas liñas de apoio para pequenas e medianas empresas asentadas en Muras, que contan actualmente cunha axuda máxima de 1.500 euros anuais para o pago da luz, contía que poderá revisarse ao alza coa entrada en vigor do convenio.

Pola súa banda, o concelleiro non adscrito, Julio Díaz explicou o seu voto positivo a este acordo “polo moito de positivo que achega aos veciños e veciñas de Muras ao subir a contía das axudas de cara a 2027. Ademais, Ana Pontón puxo como exemplo a Muras pola súa iniciativa pioneira para abaratar a factura da luz.

## A Festa de Entroido será o martes 17 na localidade

O Concello de Muras xa conta moitos para a celebración da Festa de Entroido, que terá lugar na tarde-noite do vindeiro martes 17 de febreiro no Local Social da localidade. A cita desenvolverase entre as 17.00 e as 23.00 horas e promete unha xornada chea de ambiente festivo, música e diversión para todos os públicos.

A programación inclúe música en directo a cargo do dúo Dilema, que

animará a celebración ao longo de toda a tarde e noite, así como un concurso de disfraces con premios tanto para participantes individuais como para grupos. En total repartiranse tres premios na categoría individual e tres na modalidade de grupo, co obxectivo de fomentar a creatividade e a participación veciñal nesta cita tradicional do calendario festivo.

## Convocado o concurso de disfraces para o 16

O Entroido chegará de novo a Xermade o luns 16 de febreiro coa celebración dunha festa na tarde-noite. Os actos darán comezo ás 21.30 horas no pavillón polideportivo. Haberá de novo concurso de disfraces, con tres únicos premios para os non empadroados. Para os empadroados establécense categorías de grupos, parellas e individuais e infantil. Ademais, haberá un premio especial á orixinalidade. Os premios oscilarán entre os 200 e os 50 euros para os adultos e de 70 a 25 para os pequenos. Serán tres gañadores en cada unha das

tres categorías para os veciños do Concello. Tamén haberá un premio único para o disfrace máis orixinal de 80 euros. Na categoría para a participación de persoas non empadroadas en Xermade os tres premios son de 150, 100 e 50 euros. O xurado estará formado por tres persoas do público e un secretario/a vinculado/a ó concello, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases. As persoas que desexen participar no concurso deberán inscribirse nas oficinas municipais antes do 11 de febreiro.

## riotorto

## A Xunta cubriu a praza de médico de familia

A praza de médico de familia do centro de saúde quedou cuberta no marco da Oferta Pública de Emprego (OPE) do Sergas correspondente ao ano 2025. Así o confirmou o propio Servizo Galego de Saúde, que detallou que a vacante foi adxudicada dentro do proceso selectivo desta convocatoria. Segundo indicaron fontes municipais, a profesional que obtivo a praza incorporárase de xeito efectivo á atención sanitaria no municipio. A súa chegada permitirá reforzar a atención primaria na zona, mellorar a continuidade asistencial e responder con maior eficacia ás necesidades da veciñanza. Tanto desde o Concello de Riotorto como desde a área sanitaria valo-

rouse de forma moi positiva esta incorporación, xa que se trataba dunha demanda reiterada pola poboación nos últimos meses. “A cobertura da praza supón un avance na mellora dos servizos sanitarios do municipio e contribúe a garantir unha atención máis estable e próxima para os usuarios do centro de saúde”, explican desde o Concello. Pola súa banda, o BNG lamenta que o concello siga sen dispor do servizo de Hospitalización a Domicilio, un recurso que permite prestar coidados hospitalarios no propio domicilio a persoas que os precisan, incluíndo pacientes con enfermidades crónicas complexas, persoas maiores ou pacientes oncolóxicos.

## FEIRA DO FERRO



O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, acompañado polo director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, reuniuse co alcalde de Riotorto, Clemente Iglesias, para tratar distintos aspectos relacionados coa celebración da XVII Feira de Artesanía do Ferro, que se celebrará o vindeiro 19 de abril.

## O Centro da Torneiría da Reitoral abrirá as súas portas na primavera

O Concello xustificou diante do Instituto de Transición Xusta a execución do 60% das obras contempladas no proxecto de rehabilitación da Casa Reitoral para transformala nun Centro Internacional da Torneiría. Tanto a execución da obra como os honorarios técnicos están financiados ao 100% cunha subvención do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, cun investimento de máis de 400.000 euros.

Segundo avanzou o goberno local, a previsión é que o novo centro poida inaugurarse na primavera de 2026, unha vez finalicen os últimos traballos pendentes. Na actualidade, a intervención atópase practicamente rematada, á espera da colocación dalgún mobiliario e da dotación de contido ao edificio. Tamén resta completar o acondicionamento exterior, xa que, aínda que xa se crearon zonas de aparcadoiro, empe-



drados e unha lámina de auga, será necesario agardar a que melloren as condicións meteorolóxicas para finalizar a xardinaría. O inmoble rehabilitado acollerá na planta baixa unha ampla sala de usos múltiples, concibida para a celebración de actos, reunións, espectáculos e todo tipo de eventos, mentres que na parte superior se habilitou un espazo expositivo destinado a

mostrar pezas de torneiría. Este andar superior, de nova construción e cunha superficie aproximada de 40 metros cadrados, permitirá contar cunha exposición permanente e tamén albergar mostras itinerantes cando non estean de xira. A rehabilitación conservou elementos orixinais do edificio como as vigas, a escaleira de pedra ou antigos elementos tradicionais.

## O colexio incorpora o servizo de Madrugadores

O servizo de madrugadores do CEIP Plurilingüe de Xermade xa está en funcionamento desde comezos de ano, tras ser aprobado no primeiro pleno ordinario de 2026, celebrado pola Corporación municipal, unha achega municipal. O servizo iniciou a súa actividade con catro usuarios, aínda que desde o goberno local agárdase que a cifra aumente a medida que as familias coñezan a súa existencia. O alcalde de Xermade, Roberto García, explicou que se trata dun servizo moi demandado polas nais e pais do alumnado e que a súa posta en marcha responde directamente a unha petición trasladada pola ANPA do centro. Os usuarios deberán asumir unha porcentaxe do custo do servizo, mentres que o Concello colabora no seu financiamento a través dunha subvención nominativa. A creación deste servizo foi abordada no pleno a través dunha proposta de incremento da subvención destinada á Asociación de Nais e Pais do CEIP Plurilingüe de Xermade, que pasou de 500 a 1.500 euros. Esta medida contou co voto en contra do grupo municipal do Partido Popular. Na mesma sesión plenaria tamén se aprobaron dúas bonificacións do 95 % no Imposto de Construcións, Instalacións e Obras a favor de dúas ex-

plotacións gandeiras do municipio, incluídas na parte resolutiva da orde do día. O pleno supuxo así o inicio da actividade ordinaria da Corporación municipal no ano 2026, con acordos centrados tanto no apoio ao sector primario como na conciliación familiar e educativa. **A RESPONSA DOS POPULARES.** Os concelleiros do PP lamentan que “o goberno local socialista non asuma o servizo de Madrugadores” e derive á ANPA do colexio a responsabilidade de organizar e ofrecer “un servizo moi demandado no municipio”. Así, condenaron a “falta de traballo, de previsión e de organización” por parte do goberno socialista porque “fai dous meses presumía de orzamentos e no primeiro mes do ano xa propoñen modificalos” para ter como pagar á ANPA, en lugar de ofrecer o servizo directamente o Concello. “A falta de interese do goberno socialista por prestar este servizo que dende o Partido Popular demandamos dende o inicio do curso escolar é evidente”, toda vez que “nin tiñan previsto prestar o servizo directamente nin reservaron fondos para contribuír a sufragar os gastos baixo a organización de ningunha outra entidade”.

## Organizan dúas ceas en Roupar e Cabreiros

A Asociación de Veciños de Roupar organiza unha gran cea-baile de Entroido o sábado 14 de febreiro, a partir das 21:00 horas, na escola Habanera. O evento contará cun menú tradicional composto por cocido completo, freixós e orellas, ademais dun ambiente festivo cheo de cor e diversión. O prezo da cea é de 22 euros para socios e 30 euros para non socios, mentres que os nenos ata os 12 anos poderán asistir de balde. Haberá sorpresas para todos os nenos que acudan disfrazados, e os tres mellores disfraces de adulto recibirán un agasallo especial. Cabreiros prepara unha cea-baile que terá lugar o sábado 21 de febreiro de 2026 no restaurante O Paso, en Candamil, organizada pola Comisión de Festas de Cabreiros 2026. A cea incluírá un menú composto por polbo, churrasco mixto con patacas e ensalada, albariño, viño tinto cosecheiro, auga e refrescos, ademais de sobremesa, café e licores. O prezo establecido é de 35 euros para adultos, 20 euros para nenos e nenas de entre 7 e 14 anos, mentres que os menores de 7 anos poderán asistir de xeito gratuito. A velada estará amenizada con música en directo a cargo do cantante Alex, que poñerá o toque musical á noite festiva. As entradas poden adquirirse nos locais hostaleiros ou a través dos membros da Comisión.

# DEPUTACIÓN

## O primeiro pleno de Carmela López tratou tres mocións sobre Mercosur

O Pleno da Deputación de Lugo estivo marcado polo debate arredor do acordo comercial entre a Unión Europea e Mercosur, nunha sesión na que se presentaron tres mocións distintas sobre esta cuestión e que saíron adiante as propostas do PSOE e do PP, mentres que a do BNG foi rexeitada. Foi ademais o primeiro pleno presidido por Carmela López, alcaldesa de Burela, nun contexto aínda condicionado polas recentes mobilizacións do sector agrario.

Cada grupo levou ao debate a súa propia iniciativa, con enfoques diferentes. PSOE e PP amosaron unha posición favorable ao acordo, aínda que condicionada ao reforzo dos controis e á garantía da seguridade alimentaria, mentres que o BNG defendeu o rexeitamento do tratado ao considerar que terá graves consecuencias para a produción agroganadeira galega. O vicepresidente da Deputación, Efrén Castro, acusou socialistas e populares de apoiar as protestas do sector mentres avalan o acordo nas institucións europeas. A moción nacionalista foi rexeitada cos votos en contra do PSOE.

A través da iniciativa socialista, o Pleno acordou instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a defender os intereses do sector gandeiro, esixindo unha aplicación responsable do acordo con Mercosur. A proposta foi aprobada coa abstención do PP e o voto en contra do BNG. A presidenta da Deputación, Carmela López, subliñou que o novo escenario para o sector primario debe afrontarse con rigor



e responsabilidade política. Pola súa banda, o deputado Xosé María Arias advertiu dos riscos dunha aplicación desequilibrada do tratado e defendeu a activación de cláusulas de salvagarda, o reforzo dos controis fronteirizos, a promoción da carne galega e unha PAC forte. O Partido Popular tamén sacou adiante a súa moción en defensa do sector primario, pola abstención do PSOE e do deputado non adscrito, e o voto en contra do BNG. A proposta reclama máis fondos para a PAC, frear a aplicación provisional do acordo sen garantías e asegurar que os produtos importados cumpran os mesmos requisitos que os produtores locais. O portavoz popular, Antonio Ameijide, lamentou a falta de consenso e criticou tanto ao BNG como ao PSOE polas súas posicións en relación co tratado. Fóra do debate sobre Mercosur, o Pleno aprobou unha iniciativa do goberno provincial para reclamar á

Xunta un incremento do financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) ata cubrir o seu custo real. A proposta contou cos votos favorables do PSdeG e do BNG e co rexeitamento do PP. Carmela López destacou que os concellos están a asumir unha carga económica excesiva na prestación deste servizo básico. Así mesmo, o BNG conseguiu o apoio unánime do Pleno para reclamar ao Goberno do Estado que negocie coa Comisión Europea a exclusión da frota artesanal do Regulamento de Control da Pesca. O deputado Daniel García pediu que se dea voz en Bruxelas á pesca artesanal galega e instou á Xunta a exercer as súas competencias en augas interiores. Por último, o PP volveu levar ao Pleno a situación da residencia e centro de día de Becerreá, sen éxito. Os populares denunciaron que o proxecto continúa bloqueado e acusaron ao goberno provincial de manter unha estratexia dilatoria.

### TOMA DE POSESIÓN



A alcaldesa de Burela, a socialista Carmela López, foi elixida nova presidenta da Deputación tras obter o apoio dos deputados do PSOE, do BNG e do integrante do grupo mixto, o expresidente José Tomé. A súa elección supón a continuidade do acordo de goberno progresista que viña funcionando na institución provincial nos últimos anos. A votación desenvolveuse sen sorpresas e concluíu coa elección de Carmela López ao acadar os 13 votos necesarios para acceder á Presidencia. A proclamación foi recibida cun longo aplauso tanto no salón de plenos como no espazo anexo, onde numerosos cargos públicos, familiares e persoas achegadas seguiron a sesión.

Tras a proclamación, a nova presidenta xurou o cargo, recibiu o bastón de mando e asinou no libro de honra da Deputación, cumprindo co protocolo institucional. Con esta elección, PSOE e BNG revalidan o pacto de goberno que quedara interrompido a comezos de decembro, cando José Tomé presentou a súa dimisión como presidente tras

coñecerse unha denuncia por presunto acoso sexual.

No seu primeiro discurso como presidenta, Carmela López asegurou asumir a responsabilidade “desde a igualdade” e puxo en valor o camiño percorrido para avanzar na presenza das mulleres na política. Destacou a súa experiencia como alcaldesa, que definiu como “o cargo máis fermoso da política”, e comprometeuse a gobernar con diálogo, proximidade e firmeza, defendendo que o seu compromiso agora é co conxunto da provincia. López salientou tamén o traballo realizado polo anterior goberno bipartito, ao que cualificou de estable e útil, e agradeceu a confianza depositada nela polo seu partido ao longo da súa traxectoria política. Á oposición tendeu a man para acadar acordos que beneficien á cidadanía, insistindo en que por riba das diferenzas debe prevalecer o interese xeral da provincia.

O pleno contou coa presenza de destacados dirixentes políticos, entre eles José Ramón Gómez Besteiro, e Elena Candia.

**ANTROIDO  
NO VAL DE FRANCOS**



**ANSEMAR, BALMONTE, GOBERNO**

**ANTROIDO  
2026  
VAL DE FRANCOS**  
ANSEMAR, BALMONTE E GOBERNO  
(CASTRO DE REI)

**MARTES  
17  
FEBREIRO**

**ORQUESTA  
PANAMA  
BAND**

**GRUPO  
D'CANO  
OS VALUROS  
CANTOS DA VALURA**

SERMÓN

DEGUSTACIÓN  
GRATUITA DE  
**Un Gusto de Rural.**

SORTEO DE  
AGASALLOS

QUEIMA DO  
ANTROIDO

Programa da Área de Rural da  
Vicepresidencia da Deputación de Lugo

**E MOITO MÁIS...**

**ACTIVIDADES GRATUITAS DURANTE TODA A XORNADA**  
Inchables, touro mecánico, globoflexia, pintacaras e máis...



**Concello de  
Castro de Rei**

**Organiza:**

Asociación  
Cultural  
**VAL DE  
FRANCOS**

**Colaboran:**



TERRA CHÁ

A Deputación inviste 900.000 euros en estradas da comarca

A Deputación aprobou un investimento conxunto de máis de 900.000 euros para mellorar tres estradas provinciais ao seu paso polos concellos de Pastoriza, Outeiro de Rei, Begonte, O Corgo e acondicionar infraestruturas en Guitiriz. Así, licitouse por 53.545,57 euros as obras para acondicionar un treito da LU-P-3006, a vía que une Meira con Pastoriza por Fonmiñá. Con este proxecto arranxarase un tramo de algo máis de 800 metros. As obras son a reapertura de cunetas, a pavimentación do firme con aglomerado en quente e o repintado da vía mediante marcas reflexivas brancas. Unha vez se inicien os traballos o prazo de execución será de 3 meses. Tamén quedou licitado por 754.307,53 euros un proxecto para

mellorar tres tramos do cinto comarcal que afectan aos concellos de Outeiro de Rei, Begonte e O Corgo. Os treitos que se van arranxar son algo máis de cinco quilómetros á altura do límite municipal entre Outeiro de Rei e Begonte. Os traballos consisten tamén na reapertura de cunetas, a pavimentación do firme con aglomerado en quente, o repintado da vía e a reposición de sinais verticais. O prazo é de 3 meses. Adxudicouse ao Grupo Bascuas, por 92.439,05 euros, as obras para a instalación do alumeado e a ampliación da zona de aparcamento da LU-P-2304, a estrada que comunica o núcleo urbano coa área recreativa Sete Muíños, en Guitiriz. bEstes traballos terán un prazo de execución de dous meses e medio.

Convocadas de novo as axudas Leader ao desenvolvemento rural

Abríronse as liñas de axuda Leader 2026 para impulsar proxectos no rural, cun prazo de presentación de solicitudes aberto ata o vindeiro 6 de abril. A convocatoria, publicada no Diario Oficial de Galicia, constitúe a maior da historia deste programa, cun orzamento total de 28,7 millóns de euros para o período 2026-2028, no marco do Plan Estraatéxico da PAC 2023-2027. No caso do GDR Terra Chá, o orzamento destinado a proxectos produtivos supera o millón de euros, co obxectivo de apoiar iniciativas xeradoras de emprego e actividade económica no territorio. As axudas están dirixidas a persoas autónomas, empresas e cooperativas, e permiten financiar proxectos de creación, ampliación ou modernización de pequenas empresas, especialmente nos ámbitos do turismo, os servizos e a industria

local. Para entidades non productivas públicas, como concellos, destínanse uns 300.000 euros, e para entidades non productivas privadas, como comunidades de montes e asociacións, reservan 40.000 euros. As subvencións poden acadar ata os 150.000 euros por proxecto no caso das iniciativas produtivas. Así, poderán financiarse proxectos de carácter produtivo vinculados á creación, ampliación e modernización de Pemes, en ámbitos como o turismo, empresas prestadoras de servizos ou industrias, entre outros. Deste xeito apóianse tanto pequenas iniciativas de transformación e comercialización de produtos agrarios como establecementos de turismo rural ou casas de comidas e bares (onde non existan), pequenas industrias, talleres, perruquerías ou tendas de ámbito local. O prazo es-

tará aberto durante dous meses. Ademais, mantense o Bono Activa Rural, destinado á creación e posta en marcha de actividades non agrarias, cunha axuda de ata 5.000 euros para persoas autónomas que creen o seu propio posto de traballo no rural. A axuda non estará vinculada á xustificación de ningún gasto ou investimento, senón que se vincula ao mantemento da actividade e ao cumprimento do plan empresarial. O presidente do GDR Terra Chá, José Antonio López Sierra, lembra que os proxectos non poden iniciarse antes de presentar a solicitude e que a convocatoria trianual ofrece unha maior marxe temporal para o seu desenvolvemento. As axudas Leader preséntanse así como unha oportunidade clave para asentar poboación e fomentar a economía do rural.

EN BREVE



**UNED SÉNIOR.** A UNED Sénior Coruña deu comezo ao novo curso cun encontro cultural celebrado no concello de Paderne, no que participaron arredor dun cento de persoas maiores. Representantes públicos acompañaron ao alumnado, no que se inclúen Momán e Guitiriz, nunha actividade pensada para retomar a programación tras o parón das vacacións de Nadal, entre o que se atopan veciños de Momán e de Guitiriz.



**TRACTORADA.** Os gandeiros e gandeiras da provincia volveron levar os tractores ás rúas da capital nunha nova xornada de mobilizacións contra o acordo comercial entre a Unión Europea e Mercosur, tras unha semana de parón nas protestas ante a falta de avances. As concentracións foron convocadas de novo polas organizacións Agromuralla e Gandeiros Galegos da Suprema.

A Xunta declara o parque eólico Arno “proxecto de “excepcionalidade”

O Consello da Xunta aprobou declarar o parque eólico Arno como proxecto cunha clara incidencia territorial pola súa entidade económica e social, o que permitirá a súa execución fóra das áreas de desenvolvemento enerxético (ADE). Esta instalación está prevista para os concellos de Castro de Rei, Pastoriza, Meira, Pol e Riotorto. É a terceira declaración de excepcionalidade que se realiza desde a entrada en vigor da Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, máis coñecida como Lei de recursos naturais, logo das concedidas aos proxectos Greco e Baro o pasado mes de agosto. O parque Arno, de tramitación ministerial, está promovido por Mowe Eólica 1, S.L.U. e a súa construción ten como obxectivo subministrar enerxía máis barata á planta de produción de silicio metálico de alta pureza que ten o Grupo Ferroatlántica en Sabón (A Coruña), ademais de beneficiar a veciñanza dos municipios máis próximos a esta infraestrutura renovable, os concellos lucenses de Riotorto, Pastoriza, Meira, Pol e Castro de

Rei, a través dun plan de acción que inclúe medidas de apoio para o desenvolvemento socioeconómico por importe de 4.680.150€. No marco da nova política da Administración galega que exige que calquera proxecto, ademais de ser ambientalmente viable, deba asegurar a xeración de riqueza social e económica na zona onde se implante, os promotores do proxecto Arno subministrarán á planta coruñesa polo menos o 80 % da enerxía producida a través de contratos de compravenda (PPA) que terán unha duración mínima de 10 anos. O parque eólico de Arno incorpora un amplo abano de medidas destinadas a beneficiar os preto de 12.000 residentes dos cinco concellos nos que se vai localizar esta infraestrutura renovable. Entre elas, aforros na factura da luz e do gas tanto para a veciñanza (de ata 150 euros anuais) como para as pemes (ata un máximo de 300 euros/ano); axudas para a formación e a adquisición de libros de texto; créditos a tipo cero para emprendedores, ou axudas para os centros de maiores, instalacións municipais ou para a prevención de incendios, entre outras.

O Tecor Terra Chá pecha a campaña do xabaril cun balance histórico

O Tecor Terra Chá pechou a campaña de caza do xabaril cun balance histórico, acadando 307 capturas en só 14 xornadas, o que supón a mellor media rexistrada dende que existen datos. Un resultado que pon de manifesto a boa coordinación entre as cuadrillas, o traballo ben planificado no monte e unha tempada marcada por numerosos lances de gran intensidade. Entre as manchas máis destacadas pola súa produtividade atopáronse Molareda, con 44 capturas, Xermar, con 40, e Muimenta, con 37, liderando unha campaña caracterizada pola abundancia de levantes e polo esforzo conxunto das persoas participantes. Desde o Tecor subliñan que, malia a elevada presión cinexética exercida durante a tempada, os datos amosan que a poboación de xabaril continúa forte e que o equilibrio do territorio se mantén en boas condicións, confirmando unha xestión sostible da actividade. Unha vez finalizada a campaña, chega agora o momento de deixar descansar o monte e de preparar os cans de cara á vindeira tempada, coa vista posta en seguir mantendo os bos resultados e o correcto funcionamento do Tecor Terra Chá.

# COLABORACIÓN

## Nicolas Maduro, presidente de Venezuela

### FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

**X** fai tempo que a opositora venezolana e Premio Nobel da Paz, María Corina Machado, desexaba unha invasión militar estadounidense na súa patria; non era por mellorar a vida dos seus paisanos e paisanas, senón para chegar á presidencia e poder darlle o petróleo venezolano as petroleiras estadounidenses, que gañarían mais dólares que nunca, dicía ela, polo que Donald Trump o pasado 3 de xaneiro fixolle caso, bombardeando Caracas e varias cidades venezolanas, causando mais de cen mortes e outros tantos feridos, secuestrando ao presidente Nicolás Maduro e a súa esposa Cilia Flores e, despois de asasinar a 32 militares cubanos que os protexían, trasladáronos a Nova York para xulgalos por liderar o “Cartel de los Soles”. O caso é que agora non sei moi ben de que os queren acusar, pois eles mesmos tiveron que recoñecer que ese

Cartel era un invento deles e que nin sequera existe. Ese era o argumento que utilizaron para o bombardeo, pero ao ser un bulo deberían pedir perdón e deixalos libres.

Ante as violacións das leis internacionais dese desequilibrado mental é vergoñento o seguidísimo e vasalaxe dos gobernantes europeos que seguen cegamente as súas directrices, dándolle pe a esas atrocidades. Todos eles recoñeceron como presidente a Pedro Carmona no golpe de estado fracasado en 2002, a Juan Guaidó en xaneiro de 2019, cando se auto-proclamou presidente, e nas últimas eleccións, do 28 de xullo de 2024, deron como gañadores a Edmundo González e María Corina Machado con un 70%, mentres os observadores, entre os que estaba Zapatero, aseguraban que fora Maduro con un 51%, fronte ao 42% de Edmundo González e María Corina. Menos mal que as mentiras teñen as patas moi cortas e sempre as pilla a verdade e, despois de secuestrar a Maduro, todos os europeos querían de presidenta a María Corina, asegurando que era a verdadeira representante

de Venezuela, pero Trump puxo á vicepresidenta de Maduro, á tamén bolivariana, Delcy Rodríguez, afirmando “que sería moi difícil para Corina ser a líder. Non conta co apoio nin o respecto dentro do país. É unha muller moi amable, pero non goza do respecto necesario”. E iso, despois de que se arrastrase diante del e fixera o ridículo entregándolle na Casa Branca o seu premio Nobel, desprestixiando aínda mais ese premio e deixando en mal lugar ao Comité Nobel Noruego. Como puido gañar as eleccións sen ter apoio nin respecto no seu país?

Xa sabíamos que non pretendía o Imperio do Mal rematar co tráfico de drogas, nin impoñer a democracia, senón quedarse co petróleo, o ouro e as terras raras que existen no subsolo venezolano. Si tivera intención de rematar coas drogas non indultaría ao ex presidente hondureño Juan Orlando Hernández, que foi condenado en Estados Unidos a 45 anos de prisión por dirixir o seu país como un “narcoestado”, nin necesitaba ir a Venezuela, pois podía empezar Trump encadeando ao narcotraficante de cocaína Orlando Cicilia, cuñado do se-

nador republicano por Florida, Marco Rubio (o seu Secretario de Estado, que segundo as malas linguas ten as mans cheas de cocaína) pois de rapaz era axudante do seu cuñado, condenado tamén en EE.UU. a 25 anos, dos que cumpriu 12. Tampouco necesitaba inventar falsas acusacións contra líderes latinoamericanos adversos a Estados Unidos, pois son os fabricantes estadounidenses os que lle venden armas aos traficantes mexicanos que lles pasan o fentanilo.


Cada vez está mais claro que estes líderes europeos non saben nin elixir aos seus amigos e prefiren mirar mais polos intereses estadounidenses que polos dos seus administrados, como están facendo co Mercasur cando escribo estas liñas. O psicópata estadounidense obrigounos a mercarlle armas para que o día de mañá puideran defenderse do “malvado Putin”, que seica os ía invadir, pero agora é el que quere invadilos e aínda pretende que os europeos invetan en armas os 10 billóns de dólares de activos estadounidenses que teñen, para beneficio das súas compañías de armamentos.

Empezou por Venezuela e pretende romper todas as leis internacionais, da ONU e da propia OTAN, para facer un Estados Unidos mais grande. Di que para elo non necesita leis, porque non ten mais límites que os da súa vontade e moralidade. Eu diría do seu ego, pois, como dicía Chávez, “os fascistas non son humanos e aínda que teñen forma humana carecen de moral e de humanidade”.

Expulsa aos emigrantes porque tampouco respecta os dereitos humanos e agora pretende facerse con Colombia, Panamá, México, Cuba, Canadá e, sobre todo, a illa europea de Groenlandia, algo que alporizou a algúns vasallos europeos, pero ameaza facerse coa ela “polas boas ou polas malas”, pois cando se trata de intereses económicos, de petróleo ou terras raras, non hai quen o pare. Ten nos territorios europeos e na propia Groenlandia, bases militares para defendernos de Rusia e agora, que nos quere agredir, convértese en verdadeiros cabalos de Troia, pero ningún dirixente europeo os expulsou do seu territorio, nin se saíu desa OTAN que apoia ao agresor.

## Alimentos de lonxe

### OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

**M**eses atrás, unha curiosa nova chamaba a atención; un barco atracado nun porto canario, procedente de Colombia, que levaba a bordo quince mil vacas destino Iraq. É dicir, que as reses -todas elas vivas, suponse- saíron dunha ou varias granxas dese país, cruzaron o Atlántico e detéronse nas Canarias. Desde a embarcación, o cheiro alertou a veciñanza, de aí que se coñecese a “carga” da embarcación. Segundo se publicaba, esta fórmula de trasladar gando vivo

en grandes cantidades vía marítima, semella que é algo bastante habitual. O sorprendente ven dado polos miles de quilómetros que navega un cargueiro ata chegar ó seu punto final, e o tempo que conleva, varias semanas. Un pregúntase en que condicións viaxan eses animais durante tanto tempo, metidos nun barco, de que espazo dispoñen, a alimentación que reciben, o control veterinario, en definitiva, que garantías existen do seu benestar. Toda unha incógnita. Nas últimas semanas están de máxima actualidade as contundentes protestas de gandeiros e agricultores galegos, así como doutras zonas da Unión Europea, motivadas polo cacareado tratado cos países iberoamericanos do Mercosur, polo

que se abre a posibilidade dun fluído intercambio comercial de produtos europeos cos chegados de Brasil, Uruguai, Paraguai e Arxentina. Tratado que quedou en suspensión.

Todo resulta tremendamente complexo e imposible de sintetizar nunhas liñas. Pero o agro deste lado do mundo estase a mobilizar ante a ameaza que suporá unha competencia que entenden desigualitaria, xa que os niveis de esixencia que marcan as institucións europeas á hora de producir alimentos, son practicamente inauditos neses países de Sudamérica. Protestan os produtores de carne, pero tamén os cultivadores de patacas, hortalizas e o sector vitivinícola. Sinalan que os consumidores de aquí recibirán eses alimentos que, en primeiro

lugar, xeráronse noutro continente, e a continuación, cuns controis sobre toda a cadea moi discutibles.

O concepto “Globalización” deriva nunhas consecuencias que, como todo, teñen aspectos positivos e outros que non o son tanto. Este acordo co Mercosur afectará a esa idea da economía circular, do consumo responsable, no que se pretende por en valor o produto local, de proximidade, que sabemos onde foi producido e por quen, que incide na calidade de vida das nosas comunidades.

Sinceramente, non parece ser algo contraproducente que cheguen ata os supermercados galegos carne de becerro, de cocho ou de polo que saíu das chairas paraguayas ou da Pampa arxentina? ... E xa non diga-

mos, se eses animais son trasladados vivos por mar. A imaxe dun barco no porto de Vigo, descargando reses para seren sacrificadas nos nosos matadoiros, sería impactante.

Que futuro lle agardará ás nosas razas, de contrastada calidade, deberémonos preguntar. Onde irá a chamada “soberanía alimentaria” se marxinamos os nosos propios produtos en troques doutros que nin serán mellores, nin máis saudables. Unha cousa é que veñan alén do mar froitas tropicais, ou carne doutros animais que aquí non existen, o café, o té, pero un filete de agulla de tenreira ...

Cómpre darlle unha volta xeitosa a todo isto, antes de que sexa demasiado tarde.

TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
Dirección: Diego E. García Puente  
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924  
E-mail: redaccion@terrachaxa.com  
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.  
Dep. Legal: LU-517-03  
ISSN 2660-4507

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

DEPORTES



O atletismo desafiou a  
chuvia e o frío en Rábade

As adversas condicións meteorolóxicas non impediron que o atletismo fose protagonista en Rábade, onde se celebrou unha nova edición do Memorial Eduardo Fernández Villamarín. A chuva persistente e as baixas temperaturas marcaron unha xornada esixente na que destacaron as actuacións de Jarno Pousada e Estela Díaz, que se alzaron co triunfo nas categorías absolutas masculina e feminina. Na proba masculina, Pousada confirmou o seu papel de favorito cun ritmo elevado desde os primeiros metros, liderando a carreira e cruzando a liña de meta en solitario tras completar os sete quilómetros do percorrido. Tras el, a loita polas restantes posicións do podio mantívose aberta ata o final, con Gustavo Santiago e Pablo Otero completando os postos de honra. Na feminina, Estela Díaz asinou unha actuación sólida que lle permitiu facerse coa vitoria. A atleta impúxose nun final axustado, por diante de María Porteiro, mentres que Lara Castro acadou a terceira praza, pechando un podio de alto nivel.

As probas das categorías inferiores volveron demostrar o bo momento do atletismo de base. Na categoría C, para atletas nados entre 2010 e 2013, o triunfo foi para Álvaro García, acompañado no podio por Hugo Pita, segundo clasificado, e Mateo Díaz, terceiro. En categoría feminina desta mesma franxa de idade impúxose Alba Porto, seguida por Claudia Morán, mentres que Ariadna Rodríguez foi terceira. Na categoría B, correspondente aos nados entre 2014 e 2017, Anne Porto acadou a vitoria mentres que Claudia Varela conseguiu o segundo posto na feminina, e Lía Maira subiu ao terceiro chanzo do podio. Manuel Fernández foi o primeiro na masculina, seguido de Arai Gallardo e Daniel Fernández. Pola súa banda, na categoría A, para os máis pequenos, nados entre 2018 e 2021, Aldán Vázquez proclamouse vencedor, con Teo García e Bruno Marqués acompañándoo no podio masculino. En categoría feminina, Sofía Maria foi a gañadora, Lara Fontao foi segunda e Uxía Lage pechou o podio cun terceiro posto.

CLUB DE PÁDEL AS PONTES



O Club de Pádel As Pontes acadou o título de campión da Zona Norte na categoría 500, un logro que recoñece o traballo constante, a dedicación e a paixón do equipo ao longo de toda a tempada. Este éxito é o resultado de meses de adestramentos, numerosos desprazamentos e dun firme compromiso colectivo que permitiu ao club alcanzar o máis alto do podio.

O Gran Camiño diseña unha  
etapa entre Vilalba e Barreiros

A volta ciclista profesional O Gran Camiño chegará por primeira vez ás comarcas da Mariña e da Terra Chá na súa vindeira edición. A etapa lucense partirá de Vilalba e rematará nas praias de Barreiros, nun percorrido que permitirá amosar ao mundo dous territorios emblemáticos da provincia de Lugo e que volverá contar co patrocinio da Vicepresidencia da Deputación.

Durante a presentación, Efrén Castro destacou a colaboración mantida con O Gran Camiño desde a súa primeira edición, subliñando a aposta polo ciclismo como ferramenta para poñer en valor o territorio. Neste senso, celebrou que a proba chegue por vez primeira á Mariña e á Terra Chá, dúas comarcas que definiu como “espectaculares” tanto polo seu patrimonio natural como pola súa identidade propia.

O vicepresidente puxo tamén en valor a capacidade desta competición para levar deporte internacional de máximo nivel a concellos medianos, que dificilmente poderían acoller eventos deste alcance noutros ámbitos deportivos. Así mesmo, agradeceu a implicación dos concellos anfitrións, salientando o importante esforzo organizativo e loxístico que supón acoller unha proba destas características.

A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco,



agradeceu a elección da capital chairrega como punto de saída da etapa, poñendo en valor tanto as paisaxes que acompañarán o inicio do percorrido como a fonda tradición ciclista do municipio. Rouco lembrou eventos consolidados como o Día da Bicicleta, con tres décadas de historia, ou a Ruta Ciclista San Simón da Costa, organizada en colaboración con Muras e Xermade, e destacou o carácter acolledor de Vilalba. Sen adiantar máis detalles sobre o trazado, que se dará a coñecer o vindeiro 6 de febreiro xunto ao resto das etapas —catro en Galiza, unha por provincia, e unha en Portugal—, Ezequiel Mosquera avanzou que se tratará dunha etapa dinámica e atractiva desde o punto de vista de-

portivo. O organizador indicou que o obxectivo é ofrecer espectáculo tanto para o público internacional como para a veciñanza das comarcas polas que discorrerá a proba.

Tras catro edicións nas que as etapas lucenses se centraron nas comarcas da montaña e do sur da provincia, O Gran Camiño amosará nesta ocasión a metade norte do territorio. Nas edicións anteriores, Lugo acolleu unha contrarreloxo individual en Sarria na primeira edición; unha etapa entre Lugo e Sarria na segunda, con paso por numerosos concellos do interior; un percorrido pola Ribeira Sacra lucense na terceira; e unha esixente etapa de montaña entre A Pobra do Brollón e Pedrafita do Cebreiro na pasada edición.

Flórez e Conde lideraron a Carreira  
Popular anual de Castro de Rei

A oitava edición da Carreira Popular de Castro de Rei reuniu a un destacado número de deportistas nun percorrido de 15 quilómetros. A proba deixou como vencedores absolutos a Adrián Sebastián Flórez Acevedo e a María Jesús Conde Rodríguez.

Na categoría masculina, Adrián Sebastián Flórez impúxose con autoridade tras completar o trazado cun tempo de 48 minutos e 54 segundos. A segunda posición foi para Javier Neira Vázquez, que entrou en meta con 50:40, mentres que o terceiro correspondeu a Rubén Vicente Río, cun rexistro de 51:31. O top dez completárono Adrián Rúa Moreno, Jorge Luis Abril, Alberto Pardo Montero, Nicolás Domínguez García, Carlos Fraga Adrio, Julio Fernández Freire e Manuel Carpena Vázquez. En categoría feminina, a vitoria foi para María Jesús Conde Rodríguez, que cruzou a liña de chegada cun



tempo de 59:59. A segunda praza foi para Ana Abuín Rodríguez, cun crono de 1:05:31, seguida de Ana Belén González Margaride, terceira con 1:05:33. A clasificación continuou con Sandra Rivas González, Marta Valín González, Oti Mourinho Rivas, Nía Franco, Olga Paz Señoriñas, Susana Carrera e Julia Castela Llanza. As probas por categorías tamén deixaron destacados resultados. En sub-16 masculina venceu Jorge Rodríguez Cotofre, por diante de

Cidre Santamaría Cabana e Martín Cid Rebollo. Na proba feminina máis rápida, Helia García González foi a primeira en meta, seguida de Itziar Fernández Rivas e Martina Castro Cortón. En sub-14 masculina impúxose Nicolás Amado Prego, con Antonio Santamarín Tenreiro e Javier Hermida Santamarina no podio. Na categoría sub-12 masculina, Mateo Vilela Mosquera acadou a vitoria acompañado no podio por Mateo Maceiras Eiroa e Samuel Isaac Torrecillas. En feminina, a máis rápida foi Celia Mella Rama, seguida de Claudia Varela López e Martina Álvarez Sánchez. Por último, na categoría promoción masculina o triunfo foi para Alejandro Farías Novoa, mentres que en feminina a vitoria correspondeu a Paula Maceiras Eiroa, con Julia Vázquez Arrojo en segunda posición e Rosalía Cid Rebollo pechando o podio.

# O balonmán aséntase en Friol

O CPI Doutor López Suárez e membros do CP Lucense puxeron en marcha os adestramentos para dous grupos, alevín e benxamín, nos que están inscritos unha vintena de rapaces e rapazas

A implantación do balonmán en Friol é unha realidade recente pero chea de ilusión, que naceu do interese por achegar novas disciplinas deportivas ao alumnado e ampliar a oferta máis alá das prácticas tradicionais. A iniciativa xurdiu a partir de conversacións entre o CPI Doutor López Suárez e membros do club Millaven CP Lucense, que se desprazaron ata o centro educativo para realizar varias sesións de iniciación e permitir que os rapaces e rapazas coñecesen de primeira man este deporte.

A boa acollida destas primeiras actividades fixo que o proxecto collera forza. Na actualidade, a práctica do balonmán desenvólvese como actividade deportiva dentro do propio centro educativo, coa participación do alumnado que se anotou voluntariamente. Ademais dos adestramentos habituais, polo menos unha vez ao mes o grupo conta coa presenza de adestradores do Millaven CP Lucense, que colaboran de forma directa na mellora do traballo técnico e na aprendizaxe dos fundamentos do xogo.

A experiencia competitiva tamén comezou a dar os seus primeiros pasos. Polo de agora, os rapaces e rapazas de Friol participan en encontros con outras escolas vinculadas ao Millaven CP Lucense, unha fórmula que lles permite adquirir rodaxe, coñecer o ambiente de competición e vivir o deporte dun xeito máis completo,



sen a presión dunha liga regular.

O proxecto conta actualmente cun grupo de 21 nenos e nenas repartidos en dúas categorías. Na base, o grupo benxamín suma 14 participantes, mentres que na categoría alevín son 7 os rapaces e rapazas que practican balonmán de maneira regular. Todos eles adestran no Pavillón Municipal de Friol, unha instalación que se converteu no punto de encontro semanal para esta nova disciplina deportiva no concello.

De cara ao futuro, a intención é seguir ampliando a actividade, participando en máis partidos e abrindo

a porta á posibilidade de competir nunha liga regular. O obxectivo a longo prazo é ambicioso: crear unha estrutura de club semellante á que xa existe no atletismo local, baseada nunha filosofía clara de deporte escolar, que permita aos nenos e nenas do centro practicar balonmán de maneira regrada desde idades temperás. Nese camiño, o apoio e as facilidades ofrecidas polo Millaven CP Lucense están a resultar fundamentais, permitindo avanzar paso a paso e garantindo unha continuidade para aqueles deportistas que desexen seguir progresando fóra do

ámbito escolar.

Entre as principais necesidades do proxecto destaca a falta de adestradores propios no centro ou no propio concello, unha carencia que dificulta dar maior continuidade á formación dos rapaces e rapazas. Con todo, desde a dirección do CPI confían en poder solucionar este hándicap co paso do tempo.

O apoio institucional tamén está a ser clave. Desde o centro educativo destacan a colaboración constante do Concello de Friol, tanto neste proxecto como noutras iniciativas deportivas e educativas que se levan

desenvolvendo desde hai anos co alumnado.

**OS BENEFICIOS.** Para Felipe Barata Villapol, director do CPI Doutor López Suárez, o balonmán ofrece numerosos beneficios. Trátase dun deporte de equipo que fomenta valores como o compañeirismo, o esforzo colectivo e o sacrificio persoal en favor do grupo. Ademais, é unha disciplina sinxela na súa concepción, accesible para todo tipo de nenos e nenas e cunha grande capacidade de enganchar desde o primeiro contacto. A proba está na ilusión do alumnado, que tras o seu primeiro partido non deixou de preguntar cando

**A intención é seguir ampliando a actividade, participando en máis partidos e abrindo a porta á posibilidade de competir nunha liga regular**

sería o seguinte.

Un dos maiores motivos de orgullo para o centro e para o concello é ver como rapaces e rapazas de Friol xa están a competir a nivel autonómico integrados nas dinámicas do Millaven CP Lucense, demostrando que, mesmo desde un concello pequeno, é posible abrir novas vías para o deporte base e ofrecer oportunidades de crecemento persoal e deportivo.

## A loita vilalbesa suma numerosas medallas nos Galegos U15 e U20

O Club Loitas Olímpicas Vilalba Libre e Grecorromana participou na xornada de tarde dos Campionatos Galegos das categorías U15 e U20, disputados no Pazo Provincial de Deportes de Lugo, cun balance moi positivo en forma de medallas e bos resultados.

Na categoría U15, o club acadou catro títulos autonómicos grazas ás vitorias de Sara Martínez, Noela González Carreiras, Jimena García e Bruno Pintos, este último competindo polo Club Loita Lugo. Nesta mesma franxa de idade, Noelia Vilasuso e Héctor Somoza proclamáronse subcampións galegos, mentres que Enrique Seoane e Marco Gaute subiron ao terceiro chanzo do podio. A participación nesta categoría completouse co sexto posto conseguido por Alonso Maceira.

Na categoría U20, o gran protagonista foi Kevin Cuba, que se proclamou campión galego na categoría de 97



kg tanto na modalidade de loita libre como en grecorromana. Pola súa banda, Xiao Seoane e Adriel Montes de Oca lograron sendos bronce, mentres que Mateo Paredes, Andrés Maceira e Gabriel Facal pecharon a súa participación cun sexto posto. Varios dos deportistas do club conseguiron ademais a clasificación directa para os próximos Campionatos de España da categoría, que se celebrarán en Langreo o próximo 28 de

marzo. A actividade continuará o 14 de febreiro en Vigo, onde o Club Loitas Olímpicas Vilalba tomará parte nos Campionatos Galegos das categorías U13, U17 e Sénior.

Ademais, o sábado pola mañá tamén se celebrou o Campionato Galego Sénior de Loita Sambo, no que o técnico do club, Catriel Pehuen, debutou nesta modalidade cunha medalla de bronce na categoría de pesos pesados.

## O Mago de Castropol domina unha cita coa billarda pasada por auga

Por Daniel Rodríguez Saavedra

O coñecido como Mago de Castropol confirmou este domingo que vai por todas nunha xornada para o esquecemento no campo da Paloma, en Castropol, marcada pola choiva persistente e o vento constante, que fixeron practicamente imposible a práctica da billarda en condicións normais.

As duras condicións meteorolóxicas reflectíronse nos resultados, xa que só sete palanadores dos 56 participantes lograron superar a barreira dos dez puntos. O triunfo foi para Navallo, que demostrou unha vez máis as súas artes "máxicas", semellando domar o vento nas súas quendas de tiro ou mesmo utilízalo ao seu favor para empurrar a billarda cara ao varal.

A loita polo podio estivo moi axus-

tada, con tres xogadores separados por un único punto. Nun desempate moi disputado, o trasno Gundar e o avó Félix lograron asegurar a segunda e terceira praza, deixando fóra do caixón ao mozo Marcos. Na categoría feminina, Cris impúxose capeando como puido as inclemencias do tempo, seguida de Pamela, mentres que o terceiro posto foi para Inés tras sorteo. En infantís, só o bravo Mateo conseguiu puntuar, proclamándose vencedor con solvencia. O segundo e terceiro postos, tamén decididos por sorteo, foron para Antía e Martín.

Na clasificación por equipos, Troitas Bravas volveu demostrar que se move como peixe na auga. A certa distancia, Madia Leva e Billardeiros Musicais tentan seguir a súa estela.

## DE RUTA EN RUTA

# Ribadeo: intramuros

A vila mariñá conta cun interesante roteiro urbano que se pode desfrutar moito máis nun percorrido ao anoitecer

A vila de Ribadeo conserva os restos dalgúns tramos da antiga muralla medieval da cal existe constancia desde aproximadamente o século XIII.

Esta muralla defendeu o núcleo urbano ata tempos relativamente recentes e aínda hoxe poden encontrarse algúns restos incorporados ás construcións na rúa da muralla. Realizada en cantaría pequena, protexía boa parte da poboación e tiña na fortaleza o seu último reduto defensivo. A súa entrada principal estaba na actual Praza do Campo. No século XVI existían 6 portas: a da Auga, a da Vila, a da Pena, a de Guimarán, a de San Domingos e a de Cabanela. Esta ruta pódese comezar na Torre dos Moreno onde antigamente se situaba a Fortaleza, onde arrancaba a muralla e tiña un postigo a poucos pasos.

A muralla ascendía en liña recta desde Cabanela polos solares que hoxe ocupan as casas da rúa Ibáñez. Sobre esta pasaxe construíuse un camiño almenado que comunicaba a fortaleza coa aldea

de Cabanela. Ao principio da rúa cuxo nome actual é Méndez San Julián (denominada anteriormente rúa Travesa e posteriormente rúa do Correo), abríase a Porta Cabanela, chamada tamén Porta do Canónigo.

Esta rúa homenaxea a Don Antonio Raimundo Ibáñez, fundador do complexo siderúrxico de Sargadelos. Sobre as vivendas que hoxe ocupan esta rúa baixaba o muro da muralla medieval. Hoxe alternan vivendas tradicionais dos séculos XVIII e XIX con outras máis modernas. Ao final da rúa encóntrase a antiga capela e o colexio do Sagrado Corazón, fundado en 1918, promovido polo bispo Juan José Solís e encomendado ás Hijas de la Caridad de San Vicente de Paul. Esta institución ocupou o pazo contiguo, do século XVIII e propiedade da familia Rego Mastache, ata 1967 cando se trasladou a outras instalacións.

A pesar da súa antigüidade, Cabanela foi durante moito tempo un "arrabalde" da vila, pois quedaba fora de súa muralla. Durante séculos foi unha vila a camiño entre o rural e o mariñeiro. Despois atopábase Porcillán e a porta de Santo Domingo, chamada así pola lenda que relata que por alí pasara este santo cando se embarcou no porto de Ribadeo para emprender a cruzada contra os albigenses que dictou o Papa Inocencio II. Despois chegarase á rúa Viejo Pancho, na que aínda quedan boas mostras da arquitectura ribadense, e homenaxea ó escritor José María Alonso Trelles y Jarén, coñecido polo pseudónimo de El

Viejo Pancho. Este é o último tramo dunha vía de orixe medieval que saía do porto de Porcillán e desembocaba na Porta da Auga, situada nas rúas Viejo Pancho e Antonio Otero.

Por último a rúa San Miguel ro-

deaba parcialmente a muralla con destino á capela de San Miguel, situada á entrada do porto. O seu trazado sinuoso e algunhas das súas casas revelan a súa antigüidade. Na metade do seu percorrido destacan as vivendas de planta

baixa, construídas xa no século XX, como unha reinterpretación da casa típica das aldeas galegas ata tempos relativamente recentes. Ao fondo, fronte ao Cuartel Vello, álzase un magnífico exemplo de hórreo tipo Mondoñedo.



## DATOS



45 minutos



Opcional



Dificultade fácil

# CAP

## TODOS LOS MESES

### Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

### Cursos y Certificados

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo  
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es  
 Telf.: 982 51 36 05